

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

25 abril-25 novembro
Conversa con **Xosé Afonso e Vitorino**



o goberno:

**"VOTADE PRA
QUE NON
NOS BOTEN"**

**Encrobas:
qué verde era o noso val**

**Barreras-Aivarez:
a crisis das «familias»**



SOMOS OURENSANS
TRABALLAMOS PRA GALIZA

AGV

CONSTRUCCIONES METALICAS

**A. GOMEZ
VISO**

oficina técnica
proyectos

ZONA INDUSTRIAL "EL 21"
TELF. 212736 ORENSE




Frío do Noroeste, S. A.

Frío do Noroeste, S. A.

Clapex

- Ventilación
- Aire acondicionado
- Decoración industrial
- Perfilería Inox.
- Almarios barras
- Sotabancos botelleros



- Espositores marisco vivo
- Vitrinas
- Frío industrial
- Cámaras desmontábeis
- Salmoiras refrixeradas
- Tuneis conxelación

FABRICA:


Coirados San Xulián
Telfs. 880450-880454

MARIN

VENDAS:

Gran Vía, 82
Telfs. 412255-412055

VIGO



DELEGACIONES:

Villa de Negreira, s/n.
Telfs. 259462-259258

A CORUÑA

Avda. Generalísimo, 289
Telf. 310315

O FERROL

Romero Donallo, 31
Telfs. 596462-596466

SANTIAGO

Frío do Noroeste, S. A.


OFICINA TECNICA: ESTUDIOS — PROXECTOS — PRESUPOSTOS





CAIXA RURAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

ó abirnos unha conta, vostede colabora
no desenvolvemento agrícola e gandeiro
da provincia de Pontevedra



Autorizado B. de E. 23-6-76

OFICINA CENTRAL:

Plaza Calvo Sotelo, 3
Teléfono 85 73 50

CAIXA RURAL

camiño a un futuro millor

Unha industria galega a nivel europeo



Fabricación de módulos tridimensionais de formigón lixeiro, en elementos totalmente rematados, de hastra 37 m.² pra vivendas de unha a tres alturas



vicoinsa

Vivendas e Construcións Industrializadas, S. A.

C./ Peregrina, 41 — Teléf. 853662 - PONTEVEDRA
Fábrica en: A Picaraña-Padrón - A CORUÑA

Dous bispos con TEIMA

«O proxecto paréceme oportuno e hastra necesario hoxe en Galiza. Aínda non teño unha idea abondo das características da revista, pro coído que daquelas depende sobor de todo que o seminario teña ou non unha boa acollida.

Entendo que a revista debería ser rica en información, obxetiva, ceibe, sin presións nin personalismos, popular no senso millor da verba».

ANGEL SUQUIA GOICOECHEA
Arcebispo de Santiago de Compostela

«O feito e sacar hoxe á rua unha revista feita en galego, dende Galicia e pra Galicia, coas características que vostedes apuntan, paréceme un verdadeiro acontecemento histórico pra nosa terra, algo moi importante, un sinal mais desta galeguedade que está latexando por xurdir frorida e segura de sí mesma e que debe recibir o meirande apoio dende as páxinas que vostedes van imprimir cada semá.

En canto á viabilidade e acollida que poida ter a devandita revista, non quero ser nin triunfalista nin tampouco pesimista, sinxelamente realista. Xulgo que debe ser viable e que, de feito, terá boa e quente acollida por parte de moitos galegos que estabamos a esperála cáseque con anguria de famentos. Pero tampouco quero esquecer os atrancos e dificultades con que se van atopar os pais da criatura. Por desgracia, aínda abundan os galegos que, por unha ou outra razón, se sinten alleos ás súas raíces.

Eu non lle pediría a TEIMA mais que o que vostedes prometen, «unha alternativa galega á información», con todo o que esto leva consigo. En primeiro lugar, unha información obxetiva, non manipulada, crítica no bon sentido da palabra, que faga aos homes mais ceibes e, deste xeito, tamén á comunidade en que aqueles viven, que percure recoller todos os aspectos da vida galega, sin pecharse a un chauvinismo trasnoitado. En segundo lugar, que esta información leve sempre o selo da galeguedade, que non se reduza a decirnos en galego o que podemos leer en calquera revista castelán».

MIGUEL ANXO ARAUXO IGLESIAS
Bispo de Mondoñedo-Ferrol

NECESARIA E OPORTUNA

- 1) Considero necesaria e oportuna a súa aparición. A súa continuidade depende da súa orientación.
- 2) Coído que debe termar da nosa aitualidade política, que é a mais urxente, pero tamén a mais variable e fuxidía, á par das nosas mais permanentes angueiras culturais. Todo elo con tino intelixente e sin desniveles nin acaparamentos ideolóxicos, concretos nin «simbólicos». Nun futuro, xa perto, a nosa aitude de **oposición**, tense que ir trocando en labouira de **síntesis**. Sortindo dun compromiso cardinalmente democrático, hai que traballar pola creación i exercitamento dunha opinión galega superadora do esquema esquerda-dereita, da política **española**. As esquerdas e dereitas, no senso da súa operatividade e calisqueira seña seu orixe doitrinal ou ideolóxico, han de sere segregadas pola nosa realidade; programadas e practicadas por nós, mais non como sumandos achegadizos das súas equivalencias e usos na terminoloxía política **española**, senón dende o cerne e perspectiva da nosa concencia nacional galega, (Galiza como célula de universalidade) entre as irmás ibéricas concertadas nun novo senso estatal de convivencia e solidariedade mais aló do federalismo romántico e cantonal. Disto sí-

guese que a aituación dos políticos galegos en organizacións ou partidos de autodefinición **española**, teránse que acomodar a iste prantexamento previo, si queren aitar na Galiza, por enriba do seu centralismo a priori, ou serán rexeitados como intrusistas e colonialistas, de esquerda, de dereitas, de centro ou das infindas e subtís manganchas do oportunismo e as demagogias «de la sentimentalida patriótica galacia» ou «del regionalismo sano y bien entendido» formas, sin esenzas, do vello caciquismo turmante que non van sere consentidas pola nova concencia da cidadanía galega.

- 3) Pensando «como leitor», que é como nos convocades neste inquérito, istes serán alguns dos principios que arelamos ver desenrolados en letra i en conduta, na vosa revista, nos aspectos sociopolíticos do vivir galego. Nos culturais, xa os teño ditos dabondo ao longo da miña tarefa de escritor. E penso seguilos dicindo si me deixades un recanto nisas pranas «de información xeral íntegramente en galego». Benvidas, que boa falla fan».

EDUARDO BLANCO AMOR

NOTA DA REDACCION.—Nin que decir ten que nos agrada moi especialmente acoller estes xuicios. Polo demais, nin que decir ten que estas páxinas abertas a todos, están tamén pra brillante pluma de Eduardo Blanco Amor. Alégranos moito este ofrecimento deste sempre novo valor da cultura galega.

UN FEITO HISTORICO

- 1) Como se trata dun vello soño e hoxe dunha verdadeira necesidade, estamos ante un feito histórico, aínda que a revista morrera axiña, xa de morte morrida xa de morte matada.
- 2) Non sei si é viable: hai que facela viable. Por outra parte, a gran familia galeguista xa non temos hoxe outra alternativa idiomática.
- 3) Unha revista pra todos. Preciso: que sexa de esquerda e na que poidan opinar as esquerdas e a dereita civilizada cas outras dereitas teñen plataformas dabondo, bancos, etc.).

Sería importante —esencial, diría— que se deixe opinar a quenes aínda discrepando da posible liña de fondo da revista (liña que non desaprobo), non teñen oportunidades de opinar ou teñen moi poucas. Por outra parte, nada en Galicia nin no territorio do Estado español se poderá facer non contando con eles e, menos, estando contra eles».

XESUS ALONSO MONTERO
Catedrático de Lingua e Literatura. Vigo

ESPECIAL ATENCION OS PROBLEMAS SOCIO-ECONOMICOS

«O proxecto paréceme magnífico. E algo que xa debería existir, aínda que a ninguén se lle oculta que a empresa esixe valor, pois a súa necesidade non constitue unha garantía de éxito económico. Porque si non cabe dúbida de que será recibida con agrado, permítome creer que soio será asequible a unha minoría. E sin dúbida moi elevado o número de galegos que falan habitualmente o noso idioma, pro é moito menor o número de galegos habituados a leelo. E ese hábito non se adquire fácilmente. Creo que a misión da revista está clara: defender con celo os nosos valores culturais e adicar unha atención máxima ós nosos problemas socioeconómicos, industria, contaminación, pesca, reforma agraria, educación, emigración, urbanismo...».

PEDRO DE LLANO LOPEZ
Director de «El Progreso». Lugo

UNHA GARANTIA PRO FUTURO DIARIO EN GALEGO

- 1) Coído que responde a unha verdadeira necesidade. A utiliza-

Cartas a Dirección

ción do galego escrito debe abranguer os medios de gran difusión popular. A revista semanal é un paso intermedio entre o libro e o xornal. TEIMA vai dar ese paso, adoitando ao gran público a ler habitualmente en galego. O triunfo de TEIMA será a garantía pra o futuro diario en galego.

- 2) Polas impresións que recollo no ambiente, considero que terá moi boa acollida.
- 3) Unha revista que reflexe a realidade galega con veracidade, sin eludir a denuncia ben fundada. Informar aos galegos dos problemas vivos de Galicia é unha necesidade fundamental. Conocer a nosa realidade desde o punto de vista dos intereses do país - e non desde o punto de vista dos intereses de grupo, económico ou ideolóxico - é un paso decisivo para a verdadeira democratización de Galicia».

RAMON PIÑEIRO LOPEZ
Escritor

TEIMA someteu a atención e consideración de diversas persoas tres preguntas moi concretas pra contar cunha posibilidade mais de calibrar as súas posibilidades de entrada. Foron estas.

- 1) ¿Qué opinión lle merece o proxecto de sacar hoxe á rua unha revista destas características?
- 2) ¿Cree que é viable e que pode ter unha acollida favorable?
- 3) ¿Cómo entende vostede que debería ser TEIMA e qué lle pediría como lector?

Estas foron algunhas das respostas chegadas. Reproducimos ademais unhas cartas publicadas xa no número cero, por consideralas de especial interés.

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M.^a García Palmeiro, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz.

ASESORES
Carlos Casares. Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura).
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral).
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía).
Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino).
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía).
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa).
Xosé Marplá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina).
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca).
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía).
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo).
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo).

AXENCIAS
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid).
Carlos Porto (Lisboa).
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya).
Gregorio Gálvez (Euzkadi).
A. Ramos Espejo (Andalucía).
Ramón Luis Chao (París).
Carlos Durán, P. Barreiro (Londres).
Domingo Fernández (Buenos Aires).
Emilia Vázquez (Santiago de Chile).
Baldomero Cores (Puerto Rico).
Fernando Pereira (Montevideo).

DEPARTAMENTO GRAFICO
Manuel Yáñez (fotografía).
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis (dibuxo).
Mario L. Rico (cartografía).

DIAGRAMACION E CONFECCION
X. M. Gómez Vilasó.
Equipo Andalan (Aragón).
Vicent Ventura (País Valenciá).
Equipo Cort (Baleares).

SUPERVISION LINGUISTICA
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.).
Xerente: Alfonso Rivas Fraga.
Imprime: La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial Concepción Arenal, 9-13.
A Coruña (Galicia).
Depósito Legal: C-649-1976.
Distribúe: Sendeiro, S. A.
Redacción e Administración: Rúa do Hórreo, 94, entrecán-D.
Teléfono 596741.

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.
Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.



8 Referendum: votou o medo.



O gran protagonista do referendum foi o medo. Un enquisa realizada —por primeira vez en Galicia e en galego— pra TEIMA demostra que esa foi a principal motivación dos votantes. Nas nosas páxinas oito, nove, dez, once e doce, explicámoslles por qué.

9 Alvarez-Barreras: a crisis das «familias».

O fracaso dun modelo económico fóra do tempo.

18 Fascistas en Ourense: non se ven pro traballan.

Conversa con Xosé Afonso.



20 Unha visión pesimista do Portugal de hoxe.

28 Informe sobor de Quebec.

Un país ó borde da independencia

31 FONTAO: un barrio proletario nun monte de Galicia.



Referendum Votou o medo

Con un Franco do que, a un ano da súa morte, xa ninguén se lembra, e con un Adolfo Suárez a quen moi poucos conceden peso específico, catro de cada seis galegos estaban listos —a doce días do referéndum— pra ir ás urnas e decir que sí á Reforma, anque somentes un de cada nove sabía de certo que era o que se vendía naquela feira política. As claves dun voto de tan cativa calidade veñen dadas por unha enquisa que preparou pra este semanario o departamento de Socioloxía da Facultade santiagouesa de Económicas. A partires dela, TEI-MA elaborou o informe que sigue.

O derredor dun 65 por cento dos galegos pensan que o referéndum é o mellor camiño pra chegar a democracia, considerándoo como unha posibilidade real de que o pobo fale e espese a súa vontade. Así as cousas, este mesmo porcentaxe pensaba votar —e votar sí— o pasado día tres, cando foi realizada a enquisa. A oposición, rotunda e dura, ó referéndum —por ser unha forma máis de non deixar falar ó pobo— chegaba somentes hastra un 14,11 por cento. Os responsables do sondeo suliñan que namentras sobor dun 20 por cento non sabían que facer de cara á votación, esperábase unha afluencia sensiblemente maior ás urnas. Como decía un paisano: «eiquí non vai votar ninguén, pro salerá o sí». A razón é que votar sentíase como algo obli-gatorio, coma unha imposición.

VOTAR SIN SABER QUE

Si a meirande parte dos galegos pensaban ir ás urnas, maior era o número deles que non sabían de qué iba o referéndum (nin a lei de reforma política que se aprobaba, nin o sistema proporcional de elección): soio un de cada nove sabía qué era o que se sometía a votación. O que sí sabía un sesenta e dous por cento dos enquisados era, curiosamente, un detalle non esencial: que o dereito ó voto era pra os maiores de 21 anos.

As claves que permiten comprender por qué o pobo galego pensaba maioritariamente votar cando, por outra banda, eran moi poucos os que coñecían o tema sometido a voto, veñen dadas polo que os galegos identifican como os eixos do referéndum. Pró 21,57 por cento, o que se estaba a apoiar co voto afirmativo era «a democracia». Pró 19,97 por cento, o voto era unha adhesión ó Rei Juan Carlos. Pró 25,63 por cento, era a reforma das leis políticas o que se tentaba.

Os votos descubren o número de xente que pensa en Franco aínda. Os que coidaban que o «sí» era un sentimento de adhesión ao anterior Xefe de Estado alcanzan un 1,92 na cidade; un 4,69 na vila; un 4,71 nos Axuntamentos e un 2,61 nas aldeas.

Pola súa banda, o señor presidente non sal mellor parado: somentes un 5,48 apoia co seu voto a figura de Adolfo Suárez.

O bloque reforma política-adhesión ó Rei-democracia, con máis do 65 % dos votos é o que os galegos queren afirmar, no que os galegos poñen a súa esperanza. A tan cativa lembranza que provoca quen somentes fai un ano era todo neste país, da pé a afirmar sin medo que Franco esfúmase da memoria dos galegos dun xeito, cando menos, sorprendente.

CACIQUES: NI PODER NIN FIGURA

Según a enquisa, nin ó cura, nin ó mestre nin ó alcalde lles queda moito tempo pra comerse os bolos á conta do personal. Ningún deles chega a contar cun dez por cento de personas que írían onda eles pra pedirles consello de cara a votación. O médico non chega nin ó tres por cento de influencia. Neste apartado, co mesmo volumen de influencia co cura, o mestre i-o al-



PROPAGANDA ABSTENCIONISTA
«Abstéñanse de facela»

calde, xurde unha figura nova: o representante laboral. Sucede que mentres uns teñen relevancia nos medios ruráis, outro téñena nas cidades.

E importante suliñar que a meirande parte do 60 % que non resposta a pregunta «quen pensa vostede que lle pode axudar mellor a votar», dí que non precisan a ningún. Dentro de casa, o home ten un craro peso nas decisións da muller (31,32 %), baixando a influencia do pai a un 6,58 %. No home, os amigos teñen relativa forza

(16 %), mentras que o cura, entre as mulleres, sigue sendo un dos amiores focos de presión. Por outra banda, os homes e os habitantes das cidades, polo seu máis outo nivel de información, están máis lonxe de influencias alleas a eles mesmos.

UNHA ESPERANZA: UN PARTIDO GALEGO

tes do referéndum, soio un de cada cinco dos galegos soupese cal era a postura da oposición.

¿ENCOL DE QUE SE NOS PIDE QUE NOS PRONUNCIEMOS NO REFERENDUM? (% s/ estrato urban-rural)

RESIDENCIA	NS/NC	FRAN QUISMO	ADOLFO SUAREZ	LEI DE REFORMA	REI	DEMO CRACIA	TOTAIS
CIDADE	10,90	1,92	4,49	37,18	19,23	26,28	100
VILA	18,75	4,69	6,25	22,92	18,75	28,65	100
AXUNTAMENTO	31,76	4,71	4,71	22,35	15,29	21,18	100
ALDEA	33,99	2,61	5,88	20,92	22,88	13,73	100
TOTALES	24,09	3,23	5,48	25,63	19,97	21,57	100



UNA COMISION CIDADA
«Non votes»

YAÑEZ

GALICIA, ANALIZADA POR SI MESMA

Por encargo de TEIMA, o departamento de Socioloxía da Facultade de Ciencias Económicas de Santiago preparou e realizou a primeira enquisa íntegramente feita en galego e con Galicia como marco límite de actuación na historia deste país. Antes que estimar o voto en términos cuantitativos, tratábase de averiguar as motivacións últimas que levan a un home —o home galego— a escoller unha determinada opción. As conclusións —non tan sorprendentes como poderan parecer en principio— recóllense no traballo publicado nesta mesma páxina.

Baixo a dirección do profesor Vilariño, tres especialistas —Xoan Pérez Cornide, Xenxo Fernández Nicolás, Isabel Sánchez García—, dezasete entrevistadores crearon unha mostra representativa de toda a poboación galega, estratificada por catro niveis urbano-rurais. O través de seiscentas trintecatros entrevistas celebradas en tódalas cidades galegas, nas cabeceiras de Axuntamento e bisbarra e nas zonas norte, sur, costa e interior, a poboación do país quedou totalmente cuberta. «Os dous elementos máis novedosos que contén esta mostra —dí o profesor Vilariño— son o cubrir a poboación galega en sí mesma e non como parte de outro universo maior, e o conceder o seu peso específico á poboación rural, normalmente esquecida nos sondeos e enquisas realizadas por empresas comerciais, que limitan as súas mostras ás áreas urbanas.

A celebración do referendun serviu, pois, como xustificante pra primeira enquisa feita en, dende e pra Galicia. Que non será, por suposto, a derradeira. Coma TEIMA.

Sobor dos partidos políticos, hai dos asuntos moi significativos: pra un 23 % da poboación habería que excluir a algun deles do reconecemento legal e previo o referendun. Lante a pregunta «¿qué partido cre vostede que defendería e mellor os seus intereses?», as respostas foron estas:

- Non saben ou non contestan 26,46%
- Un partido español — 26,09%
- Un partido galego — 47,43%

ENTUSIASMO, POUCO

E curioso constatar como mentres a corto prazo un 52 % dos galegos está satisfeito do goberno actual, sendo os descontentos dun 34 %, de cara o porvir do país e do Estado os porcentaxes trócanse: un 35 % se sente seguro e un 52 % ve a sua situación pouco clara.

O lanzar a enquisa pensabase

que os que mirasen o futuro democrático como unha esixencia urxente, mostrarían rechazo ó referendun, namentras que quenes tiveran a sensación de que, despois de Franco, Arias e Fraga, xa se tiña andado un bó anaco, estarían polo «sí». Por outra banda, contabase con que o grado de instrucción influiría en que as cousas se viran dende unha ou outra perspectiva. Tendo en conta que as posibilidades de instrucción van xunguidas a crase social i a idade; tendo en conta que, en Galicia, dun xeito especial, a crase social vai parella ó lugar de residencia, as contas que se botaban era que nos nucleos rurais habería moitos «síes».

Así as cousas, un 47 % de galegos din do referendun que é unha demostración aceptable de participación política; como inaceptable e calificada por un 32 %.

Contrariamente o que se pensaba, o agro dá un dos índices máis outos de desconfianza política (soo un 52 % pensa que o referendun é o mellor camiño á democracia, frente ó 68 % das zonas urbanas). Tamén é no agro donde se dan os índices maiores de preguntas non respostadas sobor da confianza no goberno e maior escepticismo sobor da reforma. A Razón e crara: dalgún xeito todo esto síntese como unha «cousa urbán». As suas teimas son outras: «Non saben que é a democracia, o referendun nin a oposición. Do único que saben e da emigración, dos seus fillos sin postos de traballo e do censo (chamalle así a cotización da seguridade social agraria). Ou como di un paisano: «¿O goberno?... Ainda non fixo nada. ¿Por qué imos a estar descontentos?».

¿PENSA QUE PARA CHEGAR A DEMOCRACIA, O REFERENDUN
E O MELLOR CAMIÑO? (% s/ estrato urbán-rural)

RESIDENCIA	NS/NC	SI	NON	TOTAIS
CIDADE	14,10	67,31	18,57	100
VILA	18,23	68,75	13,02	100
AXUNTAMENTO	22,35	65,88	11,76	100
ALDEA	38,56	52,29	9,15	100

«A reforma de Suárez
xa non pode camiñar
porque non ten
porque lle falla
o apoio popular»

(Cantada en Lugo con música da «Cucaracha»)

Prós que o organizaron foi un trámite máis no que chaman «unha evolución sin traumas», pra outros prós que defenderon a abstención, foi o derradeiro referéndum do franquismo. Do que non hai dúbida é de que foi unha loita importante con transcendencia futura: cecais por vez primeira moitos galegos viron na rua —repartindo octavillas, pegando carteles, explicando opcións— a xentes de esquerda e decatáronse que non tiñan rábo e non andaban a catro pernas nin con cornos na testa.

SAIDA DAS CATACUMBAS

Foi unha saída multitudinaria das catacumbas, non sin antes mirar de reollo. A oposición tomou postura abertamente, precisamente nun intre no que moitos botaban en falla lucidez. Contaban os correspondentes de TEIMA nas distintas cidades galegas que cando a choiva tiraba abaixo os anuncios oficiais, brazos mozos colocaban no mesmo sitio os carteis con siglas ilegais. As froles do novo, decía T.W. Adorno, nascerán entre as cinzas do que morre.

A pesares das promesas do Goberno, a pesares do que se díxo por persoeiros do sistema, o certo é que moitos dos métodos dos anteriores referéndums repetíronse neste. Radio e Prensa coaccionados, anque fora indirectamente. Centos de millóns da Hacienda pública gastados en propaganda parcial. Resultados controlados por non sabe ben quen... Mais a rua tivo, as veces, coor roxo e pedía abstención.

A oposición, con moitos menos medios materiais e menor marxen de actuación, tivo que matinar pra, a traveso da orixinalidade, mesmo do humor, chegar do xeito máis fácil á xente. As frases: Dende as explicativas coma «Un referéndum sin li-

A RUA ERA ROXA E PEDÍA ABSTENCION

bertades é un referéndum franquista» hastra as sinxelas «Non votes»; dende as serias de «Coarenta anos soio trouxeron fame» hastra as ácratas do tipo de «Si votas se che caen os collóns» ou «Ao bote, ao bote, maricón o que vote»; dende as que únicamente pedían a abstención por razóns xerais hastra as concretas dos grupos nacionalistas —coma por exemplo, as de M.C.G., U.P.G., A.N.P.G., P.S.G., A.P.G.— nas que se insistía que a reforma non supoñía nada pra solucionar os problemas de Galicia.

Os lugares: As zonas onde se espallou máis propaganda foi nas máis concurridas, nas céntricas, nas de chateo, nas comerciais, etc. As saídas dos cines, ou mesmo as sesións foron aproveitadas pra facer propaganda —en Vigo, Ferrol e Coruña foron abundantes as acións deste tipo—, sin que se produxera incidentes importantes. Os partidos de fútbol non poideron fuxir dos outros partidos e tamén apareceron varias pancartas —algunha delas xigante coma no partido Celta-Barcelona— chamando a abstención.

Outra experiencia de interese pra oposición foi a das «Comisións de cidadáns pro-abstención» na que

participou tanto xente vencellada a siglas coma independente. As de Vigo, Pontevedra, Ourense, Lugo, Santiago, Coruña e Ferrol chegaron a ter bastante actividade. Por exemplo, a de Coruña chegou a editar 120.000 octavillas e 5.000 carteis. Foron tamén moitas as mesas colocadas —cando a autoridade competente tiña a ben— nas ruas máis populosas.

PROIBICIOS DE ACTOS

Onde os gobernadores civís non abriron a man foi nos permisos práns conferencias ou táboas redondas sobor do tema. Os actos organizados por agrupacións culturais nos que ía participar coñecidos nacionalistas galegos foron cáseque sistemáticamente prohibidos, por exemplo: o da Asociación de Amigos da Cultura de Vigo, club Valle-Inclán de Lugo, Alexandre Bóveda da Coruña... Unha das poucas excepcións foi o acto autorizado ó Partido Socialista Galego no cine Disol de Vigo. Alí, nun mitin calificado de histórico, faláron os abogados Rodríguez Pardo e Alvarez Gándara, o obreiro Francisco Bustabad e o catedrático Beiras Torrado. Neste acto repartíronse octavillas con depósito

legal e co testo: «O non é Girón, o si é Suárez, abstención é votar pola liberdade».

Os medios oficiais parecélles pouca a propaganda que sáfa nos xornais, que estaba colocada nas vallas, e que nos abafaba polo televexo e pola radio, e insistiron nos informativos pra que se fixera campaña a favor non soio pra votar senón tamén polo si. Por exemplo, foi prohibido todo anuncio do acto do P.S.G. no cien Disol e nin lles do P.S.G. no cine Disol e nin lles Información e Turismo chegou a influir directamente sobor das emisoras de radio «invitándolles» a facer programas informativos sin citar procedencia. Parece que nalgunhas emisoras había certo «liberalismo» sobor do referéndum.

Por outra banda, a propaganda oficial foi máis sutil. Os tempos obrigaron. Non soio nas promesas —a democracia, a voz— senón tamén no tratamento —testos bilingües, cancións—. Nos xornais galegos apareceron anuncios en castelán e no noso idioma. Houbo algún «lapsus» moi celebrado polo persoal: empregaron «noxo» por «noso». Chegouse á paranoia de tirar octavillas sin pé de imprenta e sin citar procedencia —polo que poden catalogarse de «amarelas» ou «oficiosas»— nas, sobor dunha bandeira galega posta ó revés— reproducían a frase: «Agora si que podes falar, carallo».

E así, máis ou menos, foi o ensaio. Ensaio que pra oposición rematou con algúns detidos. Nas paredes xacían os restos dunha loita desigoal, e na noite, coas ruas un pouquiño máis roxas, alguen canaba: «Abstención, abstención, é o viño da oposición».

Que lle chamen «rojo», «espía» ou «axente do goberno»; que o vecindario avise a Guardia Civil; que lle den esmola, ou simplemente, que lle pechen a porta nas narices son algúns dos riscos que ha de correr quen decida facer hoxe, en Galicia e en galego, unha enquisa de opinión.

ENQUISAS

Preguntar en galego é arriscarse

Cousas así, entre outras moitas, houberon de padecer os dezasete entrevistadores que realizaron directamente pra TEIMA —por primeira vez neste país— o sondeo que publicamos nas páxinas oito e nove. En dous difíciles días de vento, neve e chuvia, o equipo sociolóxico da Facultade de Económicas compostelana recorreu toda a Galicia rural e urbana plantexando a xente de moi diversa condición preguntas non menos variadas. As respostas poderían conformar —amén do seu valor sociolóxico, que TEIMA irá espoñendo en números sucesivos— toda unha filosofía popular feita de represións e medos.

SABER DE POLITICA

«A xente dí que de política non sabe nada, e ó remata-la enquisa e falar con eles resulta que todos teñen unha opinión formada e coherente», apunta un dos entrevistadores. «Nas aldeas, algunha xente tiña medo de que foramos axentes do goberno. Nembargantes, a xente e máis aberta que na cidade», engade outro. Un terceiro entrevistou —segundo o seu propio relato— a «cinco zapateiros comunistas», e soio un deles espuxo a súa intención de votar por partidos de esa tendencia. Os demais —cecáis porque lles parecía máis suave— inclináronse polos socialistas.

O mesmo caso repítese noutra vila de Galicia. Un dos enquisados, ó remata-la entrevista, pedíulle ó entrevistador que escomezase de novo, porque él era comunista e hastra entón non tivera a confianza suficiente pra decilo.

GALEGOS, COMUNISTAS

Comunista chamáronlle tamén a máis dun enquisador polo simple feito de dirixirse ós entrevistados en galego. A utilización do noso idioma foi motivo dabondo pra que moitos veciños de diversas cidades e vilas —Lugo especialmente— lle pecharan a porta ó entrevistador. Esta norma máis ou menos xeral tivo a súa contrapartida na actitude dun redondelano que obrigou a quen lle preguntaba a facer a enquisa en galego.

O medo chega a ser hastra xeográfico. Nas súas casas —onde se saben máis identificados— os galegos mostranse moito máis satisfeitos co goberno que na rúa. Nalgúns casos —Arcade— por exemplo, a visita domiciliar do entrevistador foi seguida de inmediata denuncia no posto da Guardia Civil.

GANAS DE FALAR

Abondaron tamén —como non— os casos pintorescos: dende un xuez que declarou ter somentes estudos primarios («e outras descaradas mentiras», segundo o entrevistador) hastra a muller dun abogado que se negou a falar sin previo permiso do seu home. Algúns pais prohibíronlle contestar ós seus fillos e non foron poucos os xefes que fixeron o mesmo cos seus empregados.

A pesares de todo, a meirande parte dos entrevistadores rematarían anotando nos seus blocs de notas que «a xente tiña moitas ganas de falar».

Despois de corenta anos de medo.

Un, dous, tres: REFERENDUM OUTRA VEZ

O referéndum coma institución ten lugar, por primeira vez no Estado español, baixo da dictadura do xeral Primo de Rivera. O chamado «Estatuto Municipal», tirado dunha serie de ideas e suxerencias recollidas nos proxectos de reforma da Administración Local daqueles anos que foron do chamado «antiguo réxime» (privaban institucións feudais), viña a establecer a fórmula do referéndum pra solución dalgúns asuntos municipais. Nembargantes, as disposicións reguladoras da devandita institución, nunca chegaron a atopar unha aplicación real.

Logo, na Segunda República, a Constitución chegou tamén a ter en conta ó referéndum dun xeito institucional. O carácter deste xa era ben distinto ó que lle dera a dictadura de Primo. O artigo 66 da Constitución republicana, no seu párrafo primeiro, dispoñía: «O pobo poderá atraer á súa decisión, mediante referéndum, as leis votadas polas Cortes. Chegará, pra elo, que o solicite o 15 por cento do Corpo Electoral». Tratábase, xa que logo, dun referéndum de ámeto nacional no municipal e máis no provincial e, o seu obxectivo, era dar saída ó exercicio directo da soberanía popular. Quedaban fora do alcance do referéndum da Constitución, con todo, as leis de ratificación de Convenios Internacionais, os Estatutos Rexionais e as Leis Tributarias.

O devandito, denantes de Franco. Co «caudillo», no novo Estado

que nacéu da guerra do 36 ó ganar o exército que se rebelou contra da legalidad vixente naqueles días, vai desaparecer o recoñecimento da soberanía popular. Nas leis do 30 de xaneiro de 1938 e do 8 de agosto de 1939, o xeral Franco autootorgouse o poder lexislativo, incluído o constituínte, e gardouno pra si deica a súa morte no pasado ano. As cousas deste xeito, a Lei do Referéndum otorgada por Franco o 22 de outubro de 1945, non tivo coma fin permitirle a tódolos españoles a posta en práctica dun poder que lle estaba —e prá oposición democrática sigue a estar— negado constitucionalmente, é decir, atraer á súa decisión —nun réxime de liberdades pra tódalas forzas políticas sin exclusións— as leis votadas polas Cortes.

Pola contra, con Franco, as finalidades do referéndum estiveron sempre encamiñadas cara ó exterior e non, sin dúbida, cara as rexións e nacionalidades do Estado español. Un obxectivo baseado, a fin de contas, na necesidade de facer menos aparente internacionalmente o absolutismo e a monocracia da era franquista. Tratábase de facer creer que, en España tamén, podía-se falar sin medo de «sufraxio universal». Polo demáis, tratouse sempre dun auténtico plebiscito e non dun verdadeiro referéndum: diante das leis estaba sempre a figura do mesmo home, o xeral Franco. Con Franco, decíase, «a patria, o pan e a xusticia». Sin Franco, «a morte roxa»...



FRAGA, CON TRICORNIOS O FONDO
Aqueles referéndums...

«Vote el 14 si no quiere arrepentirse el 15». No ano 1966, a propaganda pró referéndum da Lei Orgánica, non precisaba medios sutís: votar SI era votar á PAZ, ó CAUDILLO; votar NO era seguirlle o xogo ó comunismo, ó enemigo. O 13 de Nadal Franco falaba: «Por mi parte, permanezco al pie del cañón, con el espíritu de servicio de mis años mozos».

Referendums pra despóis dunha guerra

Menos complexos houbo aínda no referéndum do 1947 pola Lei de Sucesión. O estudio da prensa galega e da información que se deu naquel intre ponlle as orellas quentes a calquera paísano o que se lle ocurra botarlles unha ollada. Na primeira páxina dos xornáis aparecían os seguintes testos:

TAMEN OS TUBERCULOSOS

«Dirán SI: Los católicos que recuerdan con honor la quema de iglesias, bibliotecas y conventos, y el sacrificio terrible de cerca de 20.000 españoles por el solo hecho de profesar la Religión de Cristo; las familias que contemplaron cómo se envilecía el santo vínculo matrimonial con el divorcio y con la implantación del amor libre; los artistas que atravesaron durante la tiranía roja la época más infamante y menospreciadora de su arte; los tuberculosos, que han visto ascender a más de veinte mil las cuatro o cinco mil camas que antes existían en toda España (...).

Dirán NO: Los que permanecen esclavizados, sin posibilidad de liberación, al yugo que sobre ellos han echado el comunismo, la masonería y otros poderes extranjeros; los que añoran aquellas tiempos de escándalo e inmoralidad. Los mentecatos, incapaces de darse cuenta de la realidad y de los peligros que supondría cualquier resquebrajamiento de la unidad entre los españoles; los sobornados por el oro y la propaganda extranjera, que como siempre, persiguen la ruina de España; y, en fin, todo el detritus que aún perdura de quella etapa de infamia que fue barrida de nuestro suelo por el valor y el sacrificio de nuestros combatientes (...)

Se todo esto agardaba ós que votaban NO, pior sorte se lles prometía ós da abstención:

«La Iglesia Católica por medio de sus jerarquías más altas, te dice, refiriéndose al referéndum: ¡Vota!

La masonería, por medio de sus agentes en las radios y prensa extranjera, te grita: ¡No votes!

La España inmortal te pide: ¡Vota!

La anti-España clama: ¡No votes!

Las emisoras de radio españolas te dicen: ¡Vota!

Radio Moscú, Radio París, Radio Praga, te dicen: ¡No votes!

El catolicismo te ordena: ¡Vota!

El comunismo te exige: ¡No votes!

¿Qué hacer?.. Lo contrario de lo que digan los enemigos jurados de tu Fe, de tu Patria y del Caudillo...»

Despóis de todo esto o que máis asombra son os resultados: máis de seiscientos mil «noes» —o dobre dos «noes» de 1966— e arredor de dous millóns de abstencións.

¡UN CHATO DE «REFERENDUM»!

A continua preocupación polo que pensaban no estranxeiro, unha campaña de postguerra na que se insistía no «arrepentimento» de moitos «roxos»... «Votaré «sí», nos dice un antiguo socialista», titulábase un reportaxe publicado na Coruña. Mesmo aparecía algún chiste sobor do tema:

«En esta taberna dan buen vino y lo acompañan con unas tapas riquísimas, inverosímiles. Falta poco para la hora de comer y no se cabe.

—¡Chico! —grita un habitual al verme entrar— ¡Un «referéndum» aquí para el señor!

—¿Qué es eso de un referéndum? —le pregunté extrañado.

—Pues muy sencillo: un chato de blanco, porque no se admite rojo y además la sucesión es obligada. Después de ese viene otro».

A derradeira frase, dende logo, resultou profética.

«El Caudillo —decían na prensa— reunió más votos que todos los partidos juntos en las elecciones de 1936». En Baiona afundíuse o piso onde estaba a urna, morrendo unha muller. Nunha das seccións de Santiago líase un SI cun soneto adicado «a la obra redentora del Caudillo». De Pontevedra suliñaban a presenza de «grandes núcleos de productores poseídos de entusiasmo y animación ejemplares». O gobernador civil de Ourense mostraba á prensa con ledicia unha papeleta depositada en Bande que tiña entre as dúas letras do «SI» a efixie de Franco e a frase «Sí, mil veces sí, por tí».

O MAIS RECENTE

No nadal de 1966, Franco sometía a referéndum a Lei de Sucesión. A preparación do plebiscito levouna o Ministerio de Información, con Manuel Fraga Iribarne ó frente quen días antes da consulta aseguraba ó 95 por 100 de votos afirmativos. Algún slogan decía: «Vote usted el catorce —y diga usted que sí, por supuesto— para no tener que arrepentirse el quince».

De tódolos xeitos, os que querían arrepentirse o quince tiveron poucas oportunidades: nalgúns pobos as papeletas do NO había que solicitarlas na alcaldía ou no cuartel de Guarda Civil.

Un titular: «Libertad absoluta para decir «SI» o «NO»: Franco nos pide que contestemos afirmativamente».

O 9 de Nadal, nun acto pro-referéndum, que logo tería tamén lugar noutras cidades galegas, Igrexas de Souza decía: «Todos dicen SI, porque saben lo que significa decir SI, y saben también lo que significa decir NO o adoptar la cobarde actitud de no decir nada. Todos decimos SI a Franco, el hombre que protege y ama esta bendita tierra gallega».

Unha noticia: «Miembros del partido comunista, que intentaban boicotear el referéndum, detenidos en Asturias. Quienes lo hacían desconocían incluso el contenido —conveniencia o inconveniencia— de la LEY».

Na Coruña as relixiosas Terciarias Franciscanas levaban as papeletas adornadas coas cores roxo e gualda. Había moito interese en facer ver que os que votaban «no» facían por leva-la contra á súa muller. Nalgúns seccións saían máis votos que votantes... O 85,5 por 100 da poboación, segundo os organizadores, votara afirmativamente. Fraga sorría satisfeito.



TODO IGOAL, PRO DOUTRO XEITO

O sector industrial vigués está a pasar por unha das crises máis grandes da súa historia. Alguén dixo que a morte do franquismo é moito máis cá morte dun réxime político. A problemática dun determinado xeito de entende-la empresa ten en «Hijos de J. Barreras» e máis en «Alvarez» dous exemplos moi significativos.

Barreras / Alvarez

A crisis das «familias»

Dun xeito simbólico, anque significativo, o INI pagou cada acción de «Hijos de J. Barreras» a unha peseta. O Estado facíase, desta maneira, cargo do 51 por cento das accións da empresa, unha das máis fortes de Galicia, con estaleiro e a segunda fábrica de motores mariños de España. Un dez por cento vai tamén pra un importante banco nacional, privado. O resto queda nas mans dos propietarios actuais que, ó coñece-la decisión do Goberno, viron cómo lle tiraban de enriba do lombo unha canga xigantesca, a canga da súa propia incapacidade.

Máis ou menos «Alvarez» ten a mesma historia, cunha grande rede de establecementos en toda España e fábricas de louza. Os grandes exemplos da industria viguesa (e galega) derrúbanse diante de milleiros de persoas que len os xornais sin entender ben o que está a

porque éstas non teñen creto ningún, ningunha garantía de futuro, están absolutamente descapitalizadas e compe darlle unha imaxe que lle poida garantiza-lo futuro laboral a milleiros de traballadores. Detrás está o grande fracaso da burguesía. Poucas horas denantes da falar o ministro (namentes éste se entrevistaba cos empresarios) milleiros de obreiros eran disoltos na rúa do Príncipe e na Plaza de José Antonio polas forzas da policía con porras, balas de goma, botes de fume e mesmo gases lacrimóxenos. En Barreras tiñan sen cobra-las nóminas do primeiro de Outono.

DA INDUSTRIA FAMILIAR OS MONOPOLIOS

A crise das dúas empresas é a crise dun xeito de entende-la industria: dende unha perspectiva fami-

Deica a década dos 60 as principais industrias de Vigo son industrias de familias (Barreras, Vulcano, Alfageme, Alonso, Cerqueira, Albo, Alvarez, Freire, etc.). Algunhas delas medraron sobor de todo logo da guerra civil, na postguerra, apoiándose nunha conxuntura económica moi favorable, na especulación, etc., pro sin se preocupar pola modernización dos seus procesos productivos. Os cartos entraban abondo. ¿Pra qué preguntarse polo futuro?

Un empresario medio comentaba cun redactor de TEIMA: «O empresario crea postos de traballo, pro ten que tirar desto uns beneficios que compensen. Unha grande empresa supón unha grande planificación. Na nosa circunstancia esa planificación tiña que facerse, ademais de cunha forte inversión financeira, cun réximen político que podía durar ou non, que podía rachar en dous, tres, catro anos o mesmo que en dez ou quince. E nós, no intre de invertir a longo prazo, facíamonos sempre a mesma pregunta: ¿Hastra cuándo van durar estas condicións?».

Ou sexa: non se invertía, non se arriscaba, e procurábase tirar, pola contra, o máximo beneficio namentres houbera vacas gordas. A que semellaba ser unha grande industria resulta agora unha mazá podre por dentro, e a podredume sae á superficie na crise xeral da economía española. Non é un casual que Vigo sexa, de tódalas cidades do Estado, unha das que máis fortemente (e mesmo dramáticamente) está sofrendo a situación.

«Alvarez» e «Hijos de J. Barreras» non son un proceso novo. A gran industria galega ven sendo progresivamente absorbida polos monopolios públicos ou privados: FRIGSA, BAZAN, ASTANO, PETROLIBER, CELULOSAS DE PONTEVEDRA, ALUMINIO ESPAÑOL, ENDESA, LACTARIA ESPAÑOLA, etc., están xa controladas ou mesmo foron promovidas polo Estado cáseque sempre ó traveso do INI. Os monopolios españoles como

Iberduero, Explosivos Río Tinto, Altos Hornos de Vizcaya, Duro-Felguera, etc., entran tamén con forza. Hoxendía somentes hai dúas empresas galegas que aínda resisten cunha certa independencia: o grupo FENOSA (co Banco Pastor) e máilos Fernández, anque se fala tamén de posibles crise en Pescanova.

OS TRABALLADORES E AS VACAS FLACAS

Detrás de todo isto está o traballador. 6.500 familias viñeron ser «salvadas» por Pérez de Bricio namentres os empresarios poñían o letreiro de «non hai beneficios, acabóu o tempo das vacas gordas». Vigo, a grande cidade industrial de Galicia, cun crecemento sorprendente en pouquísimo tempo, dóese agora dunha burguesía que amosa os petos valeiros. Os traballadores, públicamente, preguntan que a quén se lle ten de pedir responsabilidades, no millor dos casos, dunha administración errada. ¿O Estado? ¿Os empresarios?

Non é sóo o caso de Barreras e Alvarez. E todo o sector industrial que sofre un problema que podería definirse, nunha meirande parte de casos, de estrutural, anque eso non quite da responsabilidade ós donos das empresas. Estes, ó traveso de Antonio Ramilo, presidente do Consello de Empresarios Provincial de Pontevedra, din que a crise xeral da economía española ten a culpa, sin contar coas repercusións sobor da economía empresarial das loitas obreiras. O cabo, quen ten a culpa —segundo un sector dos empresarios, polo menos— é a nova «democracia». Rematáronse os bos tempos do traballador manso ou amansado á forza, os tempos dos cretos estatáis que chegaban polo vteiro da amizade ou da familia, os beneficios da especulación, as primas de esportación (anque logo a esportación se disimulara), etc.

A burguesía galega non foi a catalá ou vasca que soupo trocar todas estas posibilidades nun certo poder económico, político e competitivo. Amáis de vivir de costas á realidade do país nin tan sequer houbo bos homes de negocios. Cando a conxuntura xeral da economía española e mundial pon a proba unha mínima capacidade de xestión industrial e financeira, a pouca industria galega perde o carro.



pasar. Entre as dúas empresas hai arredor de 6.500 postos de traballo. Indirectamente os afectados son máis. Algúns observadores teñen calculado que somentes na crises de «Hijos de J. Barreras», contando coas familias dos traballadores, as empresas auxiliares, etc. poderían resultar afectadas entre 15 e 16 mil personas.

O ministro de Industria, Pérez de Bricio, deixou moi claras as razóns: o Estado faise cargo das empresas

liar, atrancada nuns sistemas de explotación, financiación e comercialización de hai vinte ou trinta anos, impotente pra lle facer frente ás necesidades, ritmo e competencia do mercado actual, acochada nuns círculos e nunhas posibilidades moi pequenas, unha crise que afecta en xeral a toda a industria galega, que ten os pés de barro e que na meirande parte dos casos está xa nas mans dos monopolios privados ou do Estado.



Os «peixes», na rúa

O mesmo tempo que a faciana sorrin- te de Santiago Carrillo aparecía na te- levisión francesa tendo coma fondo as principais rúas de Madrid e hastra o mesmo estadio de Chamartín, tódolos militantes do Partido Comunista, seguin- do o exemplo do seu secretario xeneral, botábanse á rúa na que se deu en cha- mar «semá tola do P.C.».

O referéndum promovido polo gabi- nete Suárez foi o motivo inmediato des- ta saída a pelo en peito, mais o certo é que a semá xa estaba planificada dende tempo atrás. A entrega de carnets, de diferente diseño pra Galicia, Catalunya, Euskadi e resto do Estado, a reivindicación que contén o berro «Sí, sí, sí, Dolo- res a Madrid», son algúns dos canles polos que o P.C. quere conquistar unha legalización de feito.

Nas cidades galegas fíxose a cousa sin aforrar medios, sobor de todo en Fer- rol —onde se vendían exemplares do órgano local «En P»—, Coruña e Vigo. A propaganda pro-abstención no referén- dum, co lema central «Referéndum sin libertade, referéndum franquista», es- pallóuse, a traveso de pintadas e octa- vilas, dunha banda a outra das cidades.

Na Coruña o mesmo Comité Local, que recentemente dérase a conocer nunha roda de prensa, foi ó frente dos grupos que espallaban a propaganda, non sóio entregando octavillas en man senón tamén dando explicacións sobor da postura da oposición ante o plebiscito.

Cando xa recorreran as rúas do cen- tro da cidade, mesmo as de esmorga, coma Olmos e Estrela, un coche-patrulla da Policía Armada pediulle a documen- tación ós compoñentes dun dos grupos —no que estaba maioritariamente xente do Comité Local— e, despois de consul- tar con Comisaría, tres dos policías con- duxeron, xardíns de Méndez Núñez adiante, a 17 persoas que logo firma- rían unha declaración afirmando que espallaban propaganda do Partido Co- munisto de Galicia. O pouco tempo, achegouse a Comisaría Victoria Ca- banela, tamén membro do Comité, quen declarou que viña interesarse polos seus camaradas. Pasado un intre, e can- do xa os policías non daban creto ó asunto, apareceu o arquitecto Dalda que se identificou coma membro do P.C.G. e preguntou pola situación dos seus compañeiros... Axiña sairon todos e máis ledos que as pascuas.

Alvarez e Barreras: O capitalismo dependente e a lenta morte das empresas familiares

XOAN ROUS

Galicia padece unha situación de subdesenrolo e dependencia que se caracteriza polo desartellamento e fraxilidade do seu aparello industrial. O gran capital forasteiro establece eiqú enclaves, seudó- podos das multinaciónais, que non xeneran nin inducen a densa e sólida urdime industrial que o país precisa, senón que espolian os nosos recursos e botan ás costas do noso pobo elevados costes so- ciáis. Os ramos de actividade máis importantes son illas desprovis- tas das pontes que lles dean prolongación cara industrias galegas derivadas, e tamén de soportes que enraigañen en industrias gale- gas de base. Os grupos empresariáis indíxenas teñen un carácter oligárquico e unha orixe e un feitío familiares tradicionáis, que no século XIX estarían ó día na historia, máis que hoxe resultan anacró- nicos e crebadizos.

O conxunto deses feitos, dunha banda, convirte ó noso sector industrial nun aparello transmisor e amplificador dun desenvolve- mento desigual nefasto prós traballadores galegos. E, doutra banda, faíno enormemente vulnerabel ás crisis xeneradas fóra, como a que estamos a aturar.

A nova da creba irreversible do grupo de empresas Alvarez (4.000 traballadores, perto de 2.000 millóns anuais de vendas, va- lor engadido bruto prósimo ós 1.500 millóns de ptas.), e máis dos estaleiros «Hijos de J. Barreras S. A.» (2.300 traballadores polo me- nos, vendas anuais superiores ós 1.500 millóns de ptas.) pon no candieiro todos eses problemas, e máila rápida configuración dun sector público industrial en Galicia, da man do INI en labor de «bom- beiros voluntarios», de quen haberá que cuestiona-las futuras fun- cións.

O grupo Alvarez nace como tal no 1975, por concentración das empresas «Vidrios automáticos del Noroeste», «Alfares de Pon- tesampaio», «Moisés Alvarez e Hijos», «Cerámicas Sanitarias de Pontesampaio», e máis «Manuel Alvarez e Hijos», anque a súa orixe estea ligada á biografía do «capitán de empresa» Moisés Alvarez, medrado á calor dunha protección oficial vencellada a intereses per- soáis nos mesmiños pericoutos do poder de antonte.

(Pasa á páxina seguinte)

(Ven da páxina anterior)

Barreras é outra historia: a dunha familia de ascendencia catalá, das tantas afincadas nas rías polos XVIII e XIX, e incapaz hoxe de controlar unha actividade cada vez máis enfeudada ós grandes intereses extranxeiros (construcción de motores marinos con licencia Deutz, casteleiros de prestixio pra buques pequenos, construcción de plataformas prá prospección petrolífera), máis cunha estrutura xerencial e unha óptica pouco diferentes das que debía ter alá polo 1928, cando adoptara a forma de S.A.

A desfeita non fai máis ca empezar. Fálase dende hai tempo das dificultades de Pescanova e das súas conversas co INI cara un eventual traspaso ó sector público. A historia é similar nos seus aspectos aparentes: endeudamento agallopante, control progresivo pola gran Banca, imposibilidade do grupo privado xestor de atopar unha saída ós problemas amoreados, e venda final ó INI pra «salvar» o «problema social» —uns milleiros de traballadores enterados de súpeto de que xa non se gañan cartos—. Similar nos aspectos aparentes. En rigor cumpriría decir que os problemas do grupo Fernández son en boa medida de distinta índole, como o é a ambición do seu plantexamento industrial galego.

¿E agora qué?

Nos falares: 51% do capital de Barreras ó INI, e repesca de Alvarez por catro grandes bancos, a Caixa viguesa e SODIGA —empresa do INI á súa vez, nun 53%. E cuestión dudosa que unha Sociedade pró Desenrolo Industrial de Galicia deba facer de bombeiro de empresas en crise. Dudosa polo menos: choqueira máis ben.

Dúas cousas compre sinalar en todo caso. Primeira: a gran empresa galega —non os enclaves multinacionais en Galicia, naturalmente— está a piques de mudar en empresa pública na súa maior parte. Segunda: preguntámonos quén, cómo e cándo vai marca-la estratexia da empresa pública «galega» cara un papel inescusable na consolidación dunha industria «galega» e na resolución dos problemas «galegos» seculares: emigración e dependencia.

O pobo galego aínda non foi informado, e inda menos consultado. ¿Será así por moito tempo?

Necesaria TEIMA

Non o decimos nós, senón os especialistas do Departamento sociolóxico dunha facultade universitaria: a de Ciencias Económicas, de Santiago. Respondendo ás preguntas dun sondeo de opinión que tiña tanto deso como de estudio de mercados, unha ampla mostra de galegos de tódalas edades, condicións sociais e niveis de estudos coincidiron en afirmar que a creación dunha revista galega era «algo necesario e comenente». Somentes un cativo 0,6 por cento do total de enquisados coidaron que a hipotética revista era unha cousa «inoportuna».

Por outra banda, máis da metade —56,1 por cento— entenderon que a revista debería ser publicada íntegramente en lingua galega. Os partidarios do bilingüismo acadaron un 38,1 por cento, e os do castelán únicamente un 5,2. A periodicidade semanal foi, por outra banda, a que parecêu máis axeitada á maior parte dos consultados. En canto ó precio (espoñíanse seis posibles: de, vinte, trinta, corenta, cincoenta ou máis) houbo coincidencia maioritaria nas trinta pesetas.

Deste xeito —i en principio— TEIMA saile á rúa como resposta a unha necesidade. Non deixa de ser unha esperanza.

Nin pan, nin traballo, nin libertade

Estamos a asistir ás derradeiras medidas contra traballadores destacados na última folga da construcción e da pintura na provincia da Coruña. Cinco membros do Sindicato Obreiro da Construcción, constituído no Ferrol e na Coruña ó remate da folga, foron despedidos na cidade ferrolá recentemente, feito que tamén se deu en varias empresas da Coruña «sempre cos homes máis destacados na devandita folga».

Dous despedidos ferroláns, Xosé Luís Vergara Rey e Ignacio López Rivera, iniciaron o martes 30 de novembro unha folga de fame ó tempo que se pechaban co permiso do párroco na igrexa de Santa Mariña. Antes redactaran un comunicado no que decían, entre outras cousas, que «as disculpas que os empresarios veñen dando pra xustificar estas actitudes están ben pensadas, incluso é posíbel que hastra sexan «legales» pro a parte de ser mentiras ou estar parcializadas, os traballadores coñecemos-lo que se esconde detrás destas cartas de despido: machacar ós que molestan, ós que denuncian as situacións inxustas que estamos padecendo, ós que están dispostos a chegar hastra as últimas consecuencias na loita por unhas millores condicións de vida».

«COMA GANDHI»

Os veciños do barrio de Santa Mariña leváronlles mantas e unha estufa, mostrando deste xeito a súa solidariedade. Máis a folga pouco poido durar. Os traballadores recibiron unha primeira visita de inspectores de Policía, ós que dixeron que non pensaban desaloxalo templo polo seu propio pé. Esplicaron tamén que non interrumpían as cerimoniais relixiosas. O mesmo párroco dixo que «están no seu dereito a quedar na igrexa e realiza-la folga de fame», relacionando a postura con grandes figuras da historia «coma Gandhi» e mesmo con mentalidade cristiana». Os inspectores voltarían máis tarde, xunto con membros da Policía Armada que desaloxaron ós folguistas. Logo serían trasladados á Comisaría.

O párroco, Vicente Couce, declararía á Prensa que a Policía «non ten autorización da xerarquía, según me manifestou o vicario xeral da diócese».

Por outra banda, organizacións obreiras solidarizáronse cos detidos e protestaron polo xeito con que se deu remate a esta acción coa que dous traballadores despedidos querían chama-la atención da opinión pública.

Na vila onde ninguén «é forasteiro» o certo é que os seus habitantes foron durante moitos anos estranxeiros. A cidade fíxose, cambéou, medróu, esnaquizóuse a arquitectura popular... Sin que os seus homes e mulleres tiveran outro dereito có asombro. Pro coma as cousas son como son hastra que deixen de selo, os veciños, os cidadáns, recuperan a súa voz e nesta teima xurden as asociacións de veciños. Asociacións que nestes días están a facer unha forte campaña pola súa legalización.

A CORUÑA

O MOVIMENTO CIDADAN PONSE ANDAR

Moitos non dan creto. Doce barrios organízanse en menos dun ano: Labañou, Os Castros - A Gai-teira, Os Maios, Bens, Riazor, Agra de Orzán, Atochas - Monte Alto, Barrio das Froles, Perillo, Culleredo, Elviña - Castro, Palavea. Namentras tanto, ¿qué fan os munícipes formados na época do franquismo?

O alcalde Liaño, nunha decisión calificada como un dos meirandes erros cara unhas hipotéticas eleccións nomeóu coma poñente de barrios ó concellal Peña. Home azul, lugarteniente da Guardia de Franco, e con algunhas relacións coa extrema - dereita, Peña dixo dende o seu nomeamento que como poñente de barrios estaba disposto a recibir a tódolos veciños. Agora ben, as asociacións, namentras non estiveran legalizadas, non serían recibidas. E que se querían ser legáis que fosen ás Juntas de Distrito del Movimiento.

A resposta non tardóu en chegar. Eran moitos os veciños que escoitaban por primeira vez falar de tales organismos. Algún dixo o contrario: «son moi coñecidos porque non funcionan». A cidade está dividida en dez distritos, e ó fronte de cada Junta están persoas ligadas ou próximas á ideoloxía falanxista.

Barrios tan conflictivos e con tanta problemática, coma poden se-los das Froles, Os Castros e Os Maios, son todos eles dependentes dun soio señor: Honorio Jesús Campos Camarero, que non é coñecido popularmente en ningún deles. Un representante dunha das asociacións delimitóunos así a cuestión: «As asociacións de veciños nacen pola base, as Juntas de Distrito son unha creación artificial do poder político da postguerra».

A CONTRADICCIÓN DE LIAÑO

Peña, fiel ás súas declaracións na primeira visita coma ponente de barrios, concretamente ós Castros ía da man de Honorio Jesús Campos.

Hai ademáis unha contradicción entre a política que dí defender Liaño —quen recibiu ás asociacións coma tales— e a do home que leva todo o cárrago dos problemas dos barrios.

A pesares de todo, o movemento cidadán, está posto a andar «e non hai quen o pare». Cada día é meirande a súa implantación. Unha das asociacións, a do barrio das Froles, foi xa legalizada. Foi impor-



MOVEMENTO CIDADAN
«Eu tiña unha chabola...»

tante a participación do movemento cidadán en accións como: manifestación das Atochas - Monte Alto pedindo millora no suministro da auga, manifestación contra o peche do Sanatorio de Oza, solidaridade coa manifestación dos parados, dos labregos das Encrobas... Elaboración de informes sobor do urbanismo —é moi interesante o feito polos veciños do Agra— actos culturais —«Semán galega» da sección xuvenil das Froles, Teatro nos barrios—, etc.

Hai asociacións que teñen que tratar problemas específicos por ter aínda moita relación co agro —Culleredo, Bens, Elviña - Castro, Palavea, Perillo—. Unha delas, a de Culleredo, conqueu a suspensión dun plan parcial de ordeación territorial e a participación dos veciños na elaboración doutro.

Aínda que teñen unhas características comúns, aínda que xurden coma resposta a unhas necesidades e a unhas arelas de control popular, o certo é que nestes primeiros pasos dentro das mesmas asociacións plantéxanse diferentes concepcións do que deben ser organismos deste tipo. Hai quen quere facer deles comisións exclusivamente reivindicativas, e quen quere que sexan xermolos dun poder cidadán.

De tódolos xeitos, se as asociacións deciden participar nunhas hipotéticas eleccións municipais é cáseque seguro que farían pasa-los

seus apuros a esa caste acostumada a medrar no mundo interior municipal e afeita ás súas reviravoltas.

POLITICA DA BOA

Neste punto habería que falar da debatida politización das asociacións de veciños. E evidente que é a xente con militancia ou con conciencia política a que dá o primeiro paso na constitución destes organismos de base. O que é normal e lóxico prós cidadáns non o é tanto prós autoridades que utiliza este da politización coma un dos argumentos pra retarda-la legalización.

As asociacións respontan a estas acusacións decindo que efectivamente, que queren facer política, pro unha política cidadán, de defensa dos seus intereses. O fin e ó cabo, din, os que agora nos poñen chatas veñen facendo política, pro pró seu aproveitamento, dende hai moitos anos.

Como xa dixemos, as asociacións medran. Pro medran sobor de todo nos barrios, alí onde son máis graves os problemas. Dados os criterios capitalistas que determinan a actual estrutura urbán, tamén hai que falar aquí de oposición CENTRO - PERIFERIA. De feito é curioso que no centro non nacera ningunha asociación e tampouco é estraño o que dixo un dos veciños nunha táboa redonda celebrada recentemente sobor do tema: «A asociación de veciños do centro é o Axuntamento».

No capítulo das visitas de carácter político hai que incluír a do líder do P.S.P., a Carballo, por máis señas. O señor Tierno veu empeñado en ofrecer os galegos consellos «autonómicos» e, naturalmente, armónua.

Un viaxe tierno

**Vir
autonomizar
e saír
autodeterminado**



nada o que alí dixeron algunhas persoas, que foran identificadas pola prensa como membros da Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), nin a él nin ó seu presentador que tamén falou de entrada en castelán. Pra decir verdade hai que sinalar incluso que TEIMA poido comprobar un certo cabreo polo que pasou en Carballo, non somentes nas filas do Partido Socialista Popular, senón tamén noutros observadores que asistiron á conferencia de Tierno. «Esto é tratar de impoñer-la lei da selva», díxonos un político supostamente próximo ó recién nado Partido Galego Independiente.

¿QUEN SOÑA?

«Non fai falla soñar, diría outra vez Tierno Galván. O máis que se pode chegar é a supostos que sexan autonómicos de feito, que son un avance pra conqueri-la persoalidade étnica e os intereses de cada rexión». Este home que dí que o seu partido non é dos que reparten carnets nos cafés, opina que o que el chama gran argumento de que a oposición estaba desunida, está a rachar.

«A oposición, di Tierno, demostrou ter capacidade dabondo pra ofrecer un comité de negociación co goberno».

Esto decíao catro días antes de que en Galicia saíra, despois de moita discusión, o nome de Valentín Paz Andrade pra integrar tal comité. O de Tierno Galván foi un viaxe autonómico que topou coa autodeterminación, pouco máis ou menos e pra decilo nunha soia frase.

Tierno Galván veu a Galicia nun plan falador. Baixou do avión en Labacolla e sobróulle o tempo pra declarar en Santiago que o seu partido, o partido socialista popular (P.S.P.), é o único que no orde estatutario ten asumido o problema das nacionalidades (sic). «Estamos convencidos, díxo o eminente profesor, de que agora a autodeterminación non pode ir máis aló da autonomía», e engadiu que ó que van os socialistas é a crear internacionalismos e no a facer fronteiras.

Don Enrique aínda non sabía, cando díxo esto, o que lle agardaba en Carballo, onde foi o mesmo día dar unha conferencia sobor do seu socialismo e onde escoitou a uns cantos rapaces protestar polo uso do castelán na súa presentación. Hai quen dí que non lles gustou

Maniobra «verticalista»

**AS COFRADIAS
E O CAMALEON**

A realización dun proxecto de reforma sindical empurrado polas xerarquías da Organización Sindical, que tería coma remate unha hipotética liberdade sindical, vai xunguida a unha campaña coordinada dos até agora verticalistas que ben podería ter coma lema «cambear a faciana pra que todo siga igoal».

En Galicia a cousa xa ten nomes e tamén feitos coñecidos. E sobor de todo en sectores con pouca tradición de loita, moi controlados polo caciquismo, e con unha mínima implantación dos sindicatos de clase, onde os verticalistas teñen o seu principal campo de traballo. Deste xeito, cofradías de mariñeiros e hermandades de labradores serían reestructuradas pro manténdose nelas o control da burocracia do sindicato vertical erigido polo franquismo.

**XUNTANZAS
E CONVERSAS**

TEIMA poido saber que un procurador en Cortes polas cofradías de Galicia, Baldomero Fernández Calviño, é unha das persoas que está a levar esta labouira de reconversión das cofradías. As conversas e xuntanzas que se fan con este fin son moi frecuentes. Mesmo fálese da formación dunha Mancomunidade de Cofradías coma posible organismo pró futuro e que trataría de neutralizar a organización das xentes do mar nun sindicato ou xeitos de unión propios.

A creación de sindicatos amarelos fárase, pois, paralelamente ó desmantelamento da O. S. Neste mesmo senso, xermes de sindicatos dos traballadores, ilegais no actual sistema, teñen denunciado algúns intentos reformistas no eido sindical, apoiados por unha situación de privilexio dentro da estrutura sindical vixente, coma por exemplo a formación da chamada «Conferencia Sindical Obreira» (C.S.O.) que recentemente foi presentada na Coruña e da que é membro destacado Lojo Fandiño. As malas lingoas dín que esta organización ben poida

chegar a ser a futura Central Sindical de Alianza Popular.

Seguindo co tema das cofradías, hai que decir que Baldomero Fernández Calviño ten estreitas relacións co grupo de Pérez Puga e Meilán Gil, tamén procuradores nas Cortes do franquismo. Con este mesmo grupo tamén tería relacións Franqueira, outro coñecido verticalista de Ourense.

**NON TODOS
DE ACORDO**

Ben é certo que as cofradías —a igoal que as hermandades de labregos— non son entes uniformes e que moitos dos que participaron nas mesmas son conscientes hoxe de que labregos e mariñeiros teñen que ter os seus organismos representativos. De feito, algunhas cofradías mantiveron posturas progresistas ante cuestións tan vitais pra Galicia coma son: a industrialización contamiñante e dependente, a comercialización e o precio do peixe, etc.

Neste senso, según poido saber TEIMA moitos cofrades estarían máis dispostos a participar nun proceso de discusión dos propios mariñeiros pra chegar a unha solución representativa que a seguir as directrices da actual xerarquía.

Por outra banda, de moi pouco tempo pra aquí, xurdiron tanto no mar coma no agro grupos sindicais dos traballadores. Aínda é moi pouca a implantación e son moi recentes as accións levadas a cabo, pro o medre dos mesmos é cada día meirande. Os máis coñecidos actualmente son: Sindicato Libre da Marina Mercante (S.L.M.M.), Sindicato Galego de Traballadores do Mar (S.G.T.M.), Comisiós Mariñeiras (CC.MM.), e o sector mariñeiro da Unión Xeral de Traballadores (U.X.T.).

Neutralizar a acción destes xermes, impedir un posible acordo pra que os traballadores decidan democráticamente a formación dun organismo único que defenda os seus intereses, podería ser unha das intencións da maniobra.

Según noticias chegadas á nosa Redacción, contra do que se tiña pensado deica agora, as actividades de militantes da extrema dereita portuguesa utilizando o noso chan non desapareceron aínda nin moito menos. En todo caso, desapareceu a evidencia e total impunidade con que viñan traballando até hai somentes uns poucos meses. O fascismo armado portugués, agora, móvese na clandestinidade. Pro móvese.

Fascistas en Ourense: NON SE VEN, pro traballan

Nos derradeiros meses do ano 1975 e boa parte do presente, Verín foi o principal centro de xuntanzas e planificación de accións cara a subversión pola conta do Exército de Liberación Portugués (E.L.P.) no norte do veciño país. Neste orde de cousas, o tráfico de armamento foi un importante elemento levado a cabo, sobor de todo, dende a localidade ourensá de A Mezquita —ó sudeste da provincia— e dende as cercanías da Padrenda, nos límites coa provincia de Pontevedra.

A cidade de Ourense, nalgún dos seus lugares, chegou a ser tamén


obxecto das atencións dos ultras portugueses. Neste senso, segundo o xornal «La Región» e datos do noso corresponsal nas Burgas, o día 25 do mes de Santos do 75 —días antes da última crise política portuguesa— o bispo de Braga, relixioso da extrema dereita, estivo no Hotel San Martín de conversa con destacados antidemócratas.

MEDO AS REPRESALIAS

Na localidade de A Cañiza, tamén, nos primeiros meses deste ano, militantes do devandito



INTERNACIONAL NEGRA



Os cañóns non pasaron por eiquí

E.L.P. mantiveron xuntanzas regulares namentres en Allariz, polos mesmos días, algúns veciños chegaron a ver cómo un Land Rover pasaba diante deles cheo de armas lixeiras. Pouco despois, a pista do auto perdíase deseguida. O seu destino, a fronteira.

Noutras ocasións, os camiións cheos de armamento chegaron a burlar ós mesmos contróis de aduanas. O caso máis frecuente ten sido, e é, nembargantes, leva-lo material polos camiións veciñais perfos da fronteira pra, unha vez nela, pasalo en carros ou mesmo ó lombo das persoas.

Os veciños dos pobos interesados nunca quixerón falar da historia e, moito menos, facilitá-la súa identidade por medo ás represalias. Según «La Región», hastra os redactores houberon de silencia-los nomes dos pobos xa que, polo reducido número de habitantes, os veciños implicados na axuda ós fascistas poderían ser fácilmente recoñecibles. Polo demáis, as pagas que recibiron estes sempre foron boas e xenerosas: o E.L.P. ten cartos dabondo.

EMISORAS NA FRONTEIRA

Semella que se trata, segundo as nosas informacións, da Internacional Negra, organizada neste caso polas necesidades subversivas do E.L.P. Como se sabe, a devandita Internacional fascista está composta por grupos da extrema dereita dalgúns países europeos, entre eles Portugal e España.

Coma xa imformaron no seu día o «Diario 16» e máilo semanario italián «Expresso», estes grupos

neofascistas dispoñen de distintos puntos de contacto e entrenamiento no territorio da Península Ibérica, entre eles Ourense. Pesía todo, fontes policiáis desta cidade din que «nin oficial nin oficiosamente sabemos nada do asunto». As mesmas fontes engaden: «O ambiente de Ourense non semella que sexa moi propicio pra eso. Pode ser que haxa algún ourensán que milite nestes grupos, pro podémolle asegurar que non radica na nosa cidade».

O que sí é ben certo, é que, nas dependencias de contrabando e defraudación da delegación ourensá de Facenda, hastra non hai moito estivo gardado un cativo cañón de 65 milímetros. Logo, a finais do mes de Santiago do pasado vran, o cañón era retirado de alí polas autoridades militares.

Os membros do E.L.P. teñen contactos con «guardinhas» da outra banda da fronteira e máis con militantes políticos. Polo demáis, hai que ter en conta a destacada presenza das dereitas (o Centro Democrático Social, entre doutros) no norte de Portugal, todo o cal ven a facilitar sin dúbida as actividades da Internacional Negra.

Segundo «La Región», chegouse a detecta-la existencia dunha emisora de radio móvil trasladada nun Land Rover de matrícula ouresá e fabricación española. Outras dúas emisoras veñen traballando intensamente nas provincias de Badajoz e Huelva. A primeira, que camiñaba Galicia adiante sin maior perigo hastra hai pouco, estivo algún tempo baixo do control do xeral Spínola, hoxe no pleno uso dos seus dereitos cidadáns no interior de Portugal.

Intoxicacións

Mexilón perigoso... e galego

As intoxicacións por mexilón foron o pesadelo no noso país no último mes e medio, e un forte golpe á economía do sector.

Semellante crise estivo salpicada por diferentes noticias e comentarios que non sempre botaron luz a unha situación moi grave tanto polas repercusións xa suscitadas como polas que poida acarrexar no futuro. Hoxe —según afirmou a TEIMA o xefe provincial de Sanidade de Pontevedra— a depuración garantiza produtos sin xermes patóxenos xa que ó entrar a depuración analízanse as partidas por se levan «bibrión colérico», que a depuración non elimina. A depuración mata os xermes usuais no mexilón pro non garantiza que se ten algún tóxico, o elimine.

UN POUCO DE HISTORIA

Recordémo-los feitos. O día 22 do outono chegaron ó Hospital Xeral de Galicia 4 intoxicados por consumo de mexilón. Tres días despois os casos cifrábanse en 100 en Francia e a culpa botóuselle a mexilón orixinario das Rías Galegas. O 26, e despois de coñecerse un caso en Segovia, sabíase de 25 no Grove, e o 29 do outono as noticias sobre de casos de mitilismo chegaban de varias cidades italiás e ta-

mén de Lérida e Vizcaya por culpa de mexilón das nosas rías.

Entón Sanidade suspendeu a actividade comercial, xa decaída polas repercusións sabidas, e pasou a traballar pra precisar-los nivéis de tosina nos moluscos que, como queda dito, quedan libres de xermes patóxenos po-la depuración, pro esta non lles elimina o veneno. A inmunidade toxicolóxica sóio a garantiza unha análise previa á depuración e aquela empezouse a facer o 26 de outono.

¿Por qué non se fixo antes? Sanidade de Pontevedra espón dúas razóns: porque nunca se prantexou o problema; porque non é competencia sanitaria a vixilancia dos cambios no placton marino, que corresponde a Dirección Xeral de Pesca Marítima. A prometida creación do Instituto de Investigacións Pesqueiras en Vigo, pode previr problemas como o deste ano.

UNHA VERDADE MENTIREIRA

Parouse a actividade no comercio de molusco, ante a realidade. Un informe do Instituto Español de Oceanografía armou, de novo, a rebumbia entre os empresarios.

Firmado na Coruña a 5 de novembro por Miguel Torre Cervigón, e a petición da cofradía de pescadores

da Póboa do Caramiñal, no informe dise que estudiadas mostras de placton en diversos puntos da Ría de Arousa «se saca en conclusión que a población plactónica de dichas aguas no presenta características de anormalidad. En dicha población no se ha podido encontrar Gonyaulax agente causativo comúnmente de la llamada purga de mar o marea roja».

Co papeliño na man e despois da reunión de Rianxo o día 11 a xente do mexilón botouse enriba de sanidade de Pontevedra que tiña pechado o mercado. Nunha xuntanza celebrada na xefatura de Pontevedra á que asistiron os técnicos en oceanografía da Coruña señores González-Estrada e Cabanas, o de Vigo señor Besada, o inspector rexional de Salubridade de Moluscos señor Laboreiro e o doctor Yuste, xefe de Sanidade de Pontevedra, chegouse á conclusión de que seguía habendo «Gonyaulax» nas augas, a especie que produce a mitilotoxina, ou sexa, o veneno no mexilón e «parentela». As medidas tomadas polas autoridades sanitarias foran necesarias.

As probas de toxicidade descendieron paulatinamente dende primeiros de novembro hastra chegar a límites tolerables o 17. Así Sanidade propuxo a reanudación dos actividades comerciais o día 18.

O fallo do informe o Oceanográfico, comentounos un especialista, estivo en que dun soio mostreo sacou unha conclusión xeral. Naquel intre non colleron «Gonyaulax» o que non significaba que antes ou despois, ou uns metros máis alá o houbera.

A INTERVENCION DA AXUDANTIA DE VILLAGARCIA

Rematada a nivéis sanitarios a situación, inda se tivo que producir unha desafortunada intervención da Axudantía de Marina de Villagarcía, feito, quizáis, menos coñecido. Tres depuradoras do Grove reciben o día 19 —ou sexa, o primeiro día hábil— orde do citado organismo de pechar basándose en que as augas seguían en malas condicións. Os mexiloneiros paran de traballar pro cursa o 19 un telegrama de protesta e piden responsabilidades polos perxucios que a orde lles poidera causar.

Celébrase a xa aludida xuntanza conxunta Sanidade-Oceanográfico o 24 a hai in intento de que os técnicos informen agora, despois de dalas de «alta», que as augas continúan contaminadas, única maneira de xustifica-lo peche das tres depuradoras.

Os reunidos non se prestaron ó manexo e as depuradoras do Grove voltaron a trabalar o 25. A onde chegue a demanda de perxucios ou a defensa que poida espoñer-la Axudantía, se a ten, están por ver.

Polo baixiño

MAIS PROBLEMAS PRA TV. DE GALICIA

¿Qué vai pasar nos próximos meses co centro rexional de televisión de Santiago? A pregunta xurdíu con especial forza nas últimas semanas, cando se comprobou unha vez máis que o previsto programa semanal íntegramente en lingua galega —hai un programa piloto dende hai tres meses nalgún despacho de Prado del Rey— non somentes non saíu á antena, senón que non parece contar coas bendicións da burocracia televisiva madrileña.

Todo eso xunto coas limitacións da autonomía á hora de traballar, a escaseza de medios e personal e a deficiencia das instalacións preocupan fondamente a quen está máis ou menos relacionado co centro.

Está, por se todo esto fora pouco, o feito de que non se sabe moi ben o que quere ou non Madrid, que recentemente chegou a conxugar-lo verbo «trasladar» citando a algún traballar. E así está polo de agora o «Panorama de Galicia».

CORRENDO TRALO «CORREO»

¿Sigue o grupo Garrigues interesado en merca-lo xornal EL CORREO GALLEGO, de Santiago? Parece que sí, aínda que nos últimos tempos as relacións téñense enfriado moito. Segundo as nosas noticias, o equipo galego do grupo Garrigues, os homes do Partido Demócrata Galego (P.D.G.) interesáronse polo xornal compostelán, que, como ben saben os lectores, pertence practicamente a un home, FELICIA—NO BARRERA, vencellado ós CARLISTAS (non ós de Carlos Hugo) máis tradicionais. Os propietarios do xornal pediron no seu día, ó parecer, unhas cantidades que os posibles mercadores non están dispostos a pagar. De tódolos xeitos, a porta dun posibel acordo parece que non está totalmente pechada aínda.



UNHA PRAIA DE AROUSA
¿Qué contamina o mexilón?



JOSE AFONSO
A tarefa é dura

José Afonso e Vitorino, cantautores portugueses conocidos no noso país, sobor de todo o primeiro, fixeron recentemente unha xira por Galicia. Non resultou moi afortunada, tanto polas circunstancias que a rodearon —problemas de toda clase cos locais que obrigaron por exemplo a suspender a actuación de Vigo— como pola acollida máis ben fría que lles dispensaron os medios de comunicación. TEIMA, pola súa parte, non quixo deixar pasa-la oportunidade de falar con dous veciños de indudábel significación, calidade e compromiso na canción e na acción de Portugal. O que sigue é o resultado dunha entrevista grabada e recollida con toda a prensa por diante

José Afonso e Vitorino:

O compromiso

da man da canción

«O noso traballo ten de proseguir nunha liña antifascista»

José Afonso e Vitorino —a boina na cabeza— aínda non probaran bocado cando se sentaron ó pé dun magnetófono preparado pra recolle-los seus decires. Faltaba pouco pra que botasen a andar pra Lugo, unha estación máis da súa xira galega. Non son homes, polo demáis, ós que gusten as entrevistas, e así o din, pro tamén é certo que a conversa resultou cómoda, agradábel. Pouco a pouco, Afonso foi rememorando e sintetizando o seu andar pola vida, pola realidade e pola música do seu país.

TEIMA.—¿De qué maneira entrou vostede no mundo da música?

JOSE AFONSO.—Eu vivía en Coímbra, cidade universitaria, cunha estratificación social moi marcada. Era unha vida bohemia, na que todo estaba permitido pra calquera estudante. E entregámonos ó espírito da bohemia, da noite. Foi época de fados. As cousas empezaron a cambiar entre 1961-62, co nacemento dos primeiros movementos estudiantís e políticos na universidade. Eu fixen moitos viaxes a África e polo país, da man da tuna académica e do orfeón académico de Coímbra. Isto fíxome modifica-las imaxes mentais que tiña.

IMPONSE A REALIDADE

T.—E houbo tamén modificacións no repertorio, nos temas, ¿non sí?

J. A.—Modifiquéi o meu repertorio en función das miñas observacións persoais da realidade portuguesa e dunha certa penuria económica. Estaba casado e tiña fillos. Tamén vivín en África en condicións penosas e ese recordo quedou en min grabado pra toda a vida en términos musicáis e culturáis, marcóume fundamente. Eu tiña idea do que era o colonialismo, pro non o vira. Din clase, traballéi, intentéi modificar, cambiar, subterfugos programas tradicionais. Pro de nada servía. E por razóns de orde moral e político abandonéi Mozambique e voltéi a Portugal nunha situación económica moi precaria.

T.—¿Algunha relación, algún compromiso cos grupos políticos neste tempo?

J. A.—Non. Eu estiven sempre ó marxe dos grupos políticos, aínda que fixen unha militancia esporádica no P.C. Pro a miña actuación dentro e fóra era individual, por conta propia.

Afonso recorda a importancia do xurdimento dos primeiros move-

mentos de liberación en Angola, Guinea, Mozambique na transformación da mentalidade do país, os problemas da emigración, dalgúns erros, concretamente entre as xentes que intentaron levar a cabo un traballo político en Francia, «responsabeis tamén, afirma, de certa perturbación ideolóxica que dividiu as esquerdas revolucionarias en Portugal». Fala con calma, case a media voz.

UN MOVEMENTO

T.—¿Qué pasou cando voltaches de África?

J. A.—Fun recibido como se fose un anunciador da nova música polos camaradas meus. Dixéronme que todo estaba morto, que as formas de expresión artística estaban liquidadas e que eu podería facer algo. Eu díxenlles que viña como profesor, pra ensinar, que tiña problemas económicos moi graves e non pretendía facer absolutamente nada. E empecéi a traballar como profesor e a cantar nos medios populares e estudiantís, nos clubs populares máis ou menos clandestinos. Era a fase de transición do salazarismo ó caetanismo e recordo que Benedicto colaborou connosco

moi asiduamente. A actividade foi continuada por outros camaradas —Afonso di sempre camarada— e axiña pasou a ser un movemento de loita antifascista.

T.—¿Qué significado tivo ese movemento do que falas?

J. A.—Coido que importante como factor mobilizador. Polo demáis o meu nome empezou a ser prohibido, o que me provocou moitos problemas. Fun espulsado do instituto e empecéi a cantar gratuitamente xunto con outros camaradas. As actuacións eran prohibidas a maior parte das veces, pro todo eso que nós provocábase tiña unha función política máis importante cá mesma música. Orixinaba protestas, era un factor mobilizador e eso era o que se pretendía.

«Agora mesmo temos problemas económicos gravísimos»

T.—¿Qué papel xogaban exactamente os vosos discos?

J. A.—A nosa actividade discográfica proseguía. O disco era un produto caro, mercado pola burguesía e cun repertorio máis limitado. O que as autoridades temían eran as concentracións que se formaban coa nosa presenza. Ademais os discos aproveitábanse tamén pra emisións clandestinas, por exemplo dende Guínea. Caso de «Os vampiros» e «Meninos dun bairro negro».

PROBLEMAS NESTE INTRE

T.—Todo eso denantes do 25 de abril. ¿E despóis?

J. A.—Despóis, co movemento xa constituído e os partidos formados, eu colaboréi nalgúns programas de dinamización cultural e vendo os perigos da división partidaria, entréi xunto con outros, no LUAR, un movemento que defendía o poder popular. A política empezou a ter moita importancia en Portugal. Estabamos e estamos por tó-

dolos lados, cantando prás cooperativas, prás comisións de moradores, prós traballadores. Esa é a nosa actividade.

T.—¿Qué outras condicións rodean agora esa actividade?

J. A.—Agora mesmo as nosas cancións —Grándola, por exemplo— case non son transmitidas pola radio e pola televisión. Hai un movemento descarado de recuperación capitalista que comenzo coa caída do quinto goberno, despóis do «golpe» do 25 de novembro. Agora o noso traballo faise ó marxe das autoridades, como sempre foi, e é un traballo de apoio e reforzo da conciencia popular sin ningún tipo de paternalismo. Temos problemas económicos gravísimos e acudimos ás xiras por Francia, Alemaña, e outros países, pra ganar algún diñeiro. Non contamos con organización ou medios de carácter profesional ou partidario.

T.—¿E a situación do país, as súas perspectivas?

J. A.—Hai aínda unha grande forza popular, pro tamén hai o peri-



FALA AFONSO
«Reforza-la conciencia popular»

go dun golpe de dereitas. Eu coido que a única forza coordinadora é, o P.C. Todo o que se faga ten que incluílo, pro tamén ultrapasalo. Ademais non existe unha base capitalista pra aguantar unha socialdemocracia en Portugal. O noso traballo, pois, ten de proseguir nunha liña antifascista.

Vitorino fala da importancia da actividade dos grupos teatraís e cinematográficos, feitos por e prós traballadores, levando á pantalla ou ó escenario os seus problemas reais. Eles dous están dispostos a traballar e colaborar cos grupos de teatro pra facer un labor máis completo. Están dispostos a segui-lo camiño nun intre difícil pra Portugal.

A SENSIBILIDADE GALEGA

T.—¿E Galicia? ¿Qué supón Galicia pra vosoutros?

J. A.—Pra mín non é, nunca o foi, territorio estranxeiro. E como estar en familia. Existe unha sensi-

bilidade moi prósima á nosa, unha receptividade moi grande prós problemas de Portugal e as nosas actuacións. Diréi tamén que en Portugal vívese agora un clima de agresividade grande que aquí non se nota tanto. Logo está a afinidade da lingua e da cultura, o atopar dalgún xeito as nosas orixes. E moi agradable pra nós estar en Galicia.

(As declaracións foron recolleitas e ordenadas por X. M. G. PALMEIRO. As fotos son de MANOLO BLANCO).

**«En Portugal
hai un
movemento
descarado de
recuperación
capitalista»**



VITORINO
Colaborar cos grupos teatraís



UN INTRE DA ENTREVISTA
Dous potuxeses en TEIMA

ENCROBAS

QUE VERDE ERA O NOSO VAL

Do xeito de realizárense as esprociacións no agro, cáseque sempre pra utilizalas pra industrias dependentes, xurdiron nestes anos algúns dos principais conflitos no agro galego. Encrobas é unha páxina máis desta historia e é tamén o espello onde se reflexan os problemas, a nova mentalidade e as arelas dos labregos galegos. Cando redactamos este informe, a empresa mantén inamovíbel a oferta que fixo polas terras. Os labregos tiveron que facer frente xa a tres intentos de toma de posesión. M. Rivas informa

«Nós queremos o traslado de poboación dentro de Galicia, a unha terra coas mesmas características, a mesma lingua, o mesmo clima...», «Cartos, non; traslado de poboación», «Terras sí; cartos, non». Os veciños das Encrobas insistiron sempre nas mesmas peticións dende que se dou saída a un expediente de espropiación forzosa dos seus bens prá construción dunha central térmica, que se alimentará cos lignitos da zona.

O río Barcia fai do val un dos máis farturento da bisbarra. A mesma terra dos montes, cun bo tratamento, préstase ó cultivo, e cáseque o cincuenta por cento das explotacións teñen catro vacas ou máis. A poboación é progresiva, o que non deixa de ser unha excepción no agro galego. Antes de perder todo isto os labregos queren outra alternativa que non sexa a emigración ou unha vida nas cidades da que non se sabe nada ou ce-cáis sábese abondo. «Con todo o que me darían polas terras —decíanos un labrego— non teríamos nin pra mercar un piso».

ATOPAR LIGNITO POR CASUALIDADE

«A historia —escribía X. A. Gacío nunha das primeiras crónicas sobor do tema— escomenza cando, hai uns vinte anos, alguén comenzou a explotación de caolín nesta terra e apareceu lignito. O principio parece que nin se deron de conta e despacharon lignito coma se fose caolín». Hai agora cinco anos fixéronse novas prospeccións pra saber da extensión do xacimiento. No 1974 constituíuse a


sociedade Lignitos de Meirama, filial de FENOSA. O venres, 19 de abril, no mesmo ano, na presentación á prensa do chamado «Plan Coruña» falábase xa do complexo de Meirama, coma «a principal entre as novas que sobor da nosa sociedade no intre actual podon ofrecerlles», segundo verbas do director xeral da empresa. Emplegáranse no proxecto máis de 18.000 millóns de pesetas.

Logo viñeron toda unha serie de feitos moi coñecidos que teñen por

orixe un problema de fondo: os labregos, amáis de indemnizacións, amáis de posibilitárllelo traslado de poboación dentro de Galicia e en condicións xa sinaladas, queren tamén uns precios pra asegurar mínimamente a vida no futuro. «Se as terras son nosas —decía con tranca un labrego nun dos intentos de espropiación— tamén debía selo o que hai debaixo». Mais a empresa capitalista ten un expediente de espropiación forzosa da súa man.



X. MARTÍN '76.



Os veciños opuxéronse ás tentativas levadas a cabo hasta agora pra facer efectiva a posesión das terras: o doce de maio, ó 16 de setembro e ó 26 de novembro. Estas dúas últimas «con el auxilio de la fuerza pública pestada por el Excmo. Sr. Gobernador Civil de La Coruña», segundo a propia cédula de notificación.

UNHA MANIFESTACION QUE TROUXO COLA

A explicación e espallamento do problema levóu á conseguinte solidariedade de moitos sectores da poboación, reflexada na manifestación do domingo 29, na Coruña. Manifestación que foi disolta pola policía cando faltaban vinte minutos pra remata-lo tempo sinalado no permiso gubernativo, e no preciso intre en que os participantes cantaban o «Himno Galego». A pesares do «mentis» oficial de supostas lesións causadas pola carga policial, ás mans de TEIMA chegou un certificado da «Casa de Socorro» da Coruña, firmado polo médico de garda, na que se lle da conta á autoridade correspondente de lesións sufridas por unha veciña de Encrobas. Houbo, ó parecer, máis lesionados.

Como resposta a unha protesta dos veciños pola disolución da manifestación, o gobernador civil diría nunha carta que na marcha esibíranse pancartas de solidariedade de «Comisións Obreiras» e bandeiras de Galicia coa estrela roxa, «símbolo del partido comunista». Os veciños voltarían a escribir aclarando que as pancartas de solidariedade eran de «Comisións Labregas» e as devanditas bandeiras da ANPG.

AGARDAR NEGOCIACIONES

Naquela manifestación leouse un escrito dirixido ó Rei, amáis doutro das CC.LL., no que se recollían tres peticións concretas: que Fenosa faga público, oficialmente, o número estábel de traballadores que vai empregar eiquí; que Fenosa faga pública a delimitación precisa dos terreos que vai adicar a Lignitos e servísios así como á Térmica e servísios, independentemente unha da outra; que Fenosa nos dea o traslado de poboación dentro de Galicia



ENCROBAS: OS VECIÑOS DO VAL
O lume aínda non morréu



O POBO, NA RUA
A ver si así nos escoítan...

en igualdade total de condicións e antes de que sexan ocupadas as nosas terras, indemnizándonos dos perxucios que esto nos cause.

Retentemente unha comisión de labregos de Encrobas estivo en Madrid pra ver de falar co Rei. Foron recibidos na secretaría real que máis tarde lles comunicó que tras-

ladaba o caso ó Ministerio da gobernación.

Nunha xuntanza plenaria do Axuntamento de Cerceda acordóuse apoiar a petición do traslado de poboación solicitada polos veciños. Veciños ós que se intenta dividir —e a derradeira nota da empresa poñendo en dúbida a representati-

vidade da comisión negociadora, que foi elexida polos veciños, é un bo exemplo—, que teñen que loitar contra o cansancio, contra o silencio abafante ou as notas confusas... Son arredor de cen mil pesetas a diferenza entre o que os veciños piden por ferrado e o que a empresa parece disposta a pagar. Poucos cartos pra facerse cun val.

BOTAR A ANDAR

Por fin xurde a primeira revista de información xeral en Galicia e en galego. Dificilmente podía ser doutro xeito e así o entendemos os que tratamos de crear algo onde non había nada, de abrir unha fiestra pra todos os galegos.

E é que TEIMA nace co obxectivo prioritario de informar, de conta-lo que pasa e cómo e por qué pasa en Galicia, de analizar críticamente o que preocupa a tódolos homes deste país. Había que facer isto xa porque Galicia non contaba cun medio así da súa propiedade, por decilo dalgunha maneira. No tempo do «boom» das revistas de información xeral, Galicia tiña de botar man do que se lle ofrecía — como tantas outras veces — dende Madrid.

Faltaba, porén, a perspectiva galega, faltaba un medio que dun xeito sistemático presentáse, sintetizáse e analizáse as diferentes caras das realidades e dos problemas galegos.

TEIMA nace fundamentalmente pra eso, sin desatender na medida das súas posibilidades, outros problemas e outras realidades que non teñen por qué sérennos alleos aínda que ocorran máis aló de Galicia.

TEIMA xurde tamén da man irrenunciábel do galego, do idioma do país. Sin ningunha dúbida tiña de ser unha revista pensada e redactada en galego, lingua ausente aínda

— honrosas excepcións aparte — dos nosos medios de comunicación social. A realidade dun país decidido a loitar pola normalización do seu idioma e de sí mesmo, ofrecía — ofrece — somentes esa alternativa. TEIMA está escrita na lingua que vostede fala acotío. Fala e non escribe ou le porque non ten oportunidades de facelo. TEIMA quere ser agora unha desas oportunidades. E ogallá non sexa a única.

E posible que partindo destes plantexamentos, esta revista — que se declara polo demás aberta a tódolos que queiran chamar ás súas portas — poida chegar a ser unha alternativa galega á información. Traballaremos semá a semá tendo en conta esa posibilidade que xa nos impuxemos dalgunha maneira como esixencia.

Polo demás, sentimos defraudar a quen esperaba declaracións de principios especiais pra ocasión. Hai pouco que decir, agás de proclama-la nosa independencia xunto co compromiso e a militancia galegas. Pro todo eso deberá reflexarse en cada número. E en boa medida un traballo de moitos, de todos.

Por eso pedimos a tódolos galegos que TEIMEN con TEIMA.

O referéndum e o proceso constituínte

LUIS BOUZA-BREY

O feito de que en poucos días o país teña que votar no referéndum a lei Suárez de reforma política esixe unha análise da mesma dentro do contesto xeral das estratexias de cambio político seguidas deica agora polo poder. O problema está en saber se a vía Suárez nos leva á democracia ou non. A resposta aínda non resulta clara, pois — supoñendo que o obxectivo do poder sexa ese — entre a aprobación do referéndum e a apertura dun proceso constituínte existen unha serie de subprocesos e operacións tácticas intermedias dos que non se sabe ren e que poden condicionar en alto grado as próximas eleccións e o seu resultado.

As estratexias do cambio

Pra esculcar unha resposta é preciso dar unha ollada ás alternativas políticas manifestas dende a morte do Xeneral Franco:

Nun primeiro momento enfrentáronse as estratexias de «ruptura democrática» — coas súas sucesivas matizacións: pacífica, pactada, negociada — e o reformismo Arias - Fraga.

A primeira pretendía un cambio de réxime inmediato fronte ó «continuismo», persuadindo ós «poderes fácticos» da necesidade da apertura dun proceso constituínte baseado na soberanía popular ó traveso da convocatoria a Cortes Constituíntes, feita por un Goberno provisional que dirixiría o proceso instaurando as liberdades públicas e derogando a legalidade institucional do franquismo.

O reformismo Arias - Fraga pretendía facer un proceso reconstituínte do antigo réxime, pechado ás forzas políticas da oposición e á intervención do pobo. A estratexia deste proceso resultaba nórdicamente autoritaria, elaborada co protagonismo exclusivo do Goberno e as institucións e homes do réxime dende o principio ó fin. Consistía en programar eshaustivamente un reaxuste institucional que habería de ser sometido a referéndum nun prazo sinalado, regulando no intre as liberdades públicas de tal xeito que quedara en mans do Ministerio da Gobernación ou do Goberno a determinación discrecional e discrí-

minatoria do exercicio das mesmas e a construción dunha oposición domeñada.

Os límites do reformismo Arias - Fraga viñan determinados pola negativa a permitir un proceso constituínte aberto, pola supervivencia de gran parte da legalidade antidemocrática fundamental anterior e pola imposición de exclusións na participación da esquerda nas liberdades.

O final do proceso, con posterioridade ó referéndum, consistiría na convocatoria de eleccións controladas a unha Cámara lexislativa que tería de actuar nun marco constitucional prefigurado no que pervivían numerosos elementos antidemocráticos do franquismo, tais como a composición oligárquica do Senado, a atribución de poderes ó Consello do Reino na designación do Presidente do Goberno e noutras funcións políticas trascendentes, o poder colexislador do Senado, etc.

Dentro desta estratexia aprobáronse a lei de reunión e manifestación e a de asociacións políticas, que atribuían un alto grado de poder discrecional ó Ministerio de Gobernación ou ó Goberno pra determinación arbitraria da legalidade ou licitude dos actos e organizacións políticas, esixindo ó mesmo tempo o acatamento a unhas «Leis Fundamentáis do Reino», antidemocráticas, na elaboración das cales nin o pobo nin as forzas políticas alleas ó réxime franquista terían participado.

O Goberno Suárez abriu unha nova vía de cambio. En troques de Goberno Provisional, derogación da legalidade do antigo réxime e Cortes constituíntes — a posición «rupturista» —, o actual Goberno semella que pretende crear dende o franquismo unha legalidade provisional pra iniciación e regulación dun proceso constituínte. Eiquí o que podería ser provisional é o procedemento — a Lei de Reforma Política — e o control do mesmo o exercen a Xefatura do Estado — dotada de amplios poderes — e o Presidente do Goberno, de quen a designación, duración no cargo ou sustitución sigue sometida ás normas previamente existentes, polas cales o seu mandato é a prazo de cinco anos, sin ser responsábel mediante das Cortes.

A primeira fase da reforma remata co referéndum, que é a solución de continuidade entre o antigo e o novo réxime que poida xurdir.

O misterio do segundo acto

A segunda fase da reforma, a electoral, nestes momentos resulta unha incógnita, polas diversas incidencias que vai ter que enfrentar:

En primeiro termo, a Alianza Popular adopta a estratexia de nega-la posibilidade de que as próximas Cortes sexan constituíntes. Pra eles a Constitución xa existe —as leis anteriores, reformadas pola lei de reforma política actual— e trátase de que as eleccións se realicen polo sistema maioritario pra evita-la fragmentación partidaria dunhas Cortes legislativas das que, ó traveso do Consello do Reino, terá que saír electido o novo Presidente do Goberno, de quen o mandato duraría cinco anos, segundo a lexislación anterior vixente.

Se como resultado das eleccións a Alianza Popular consegue un número suficiente de escaños nas Cámaras como pra impedi-la maioría absoluta necesaria pra levar a termo un cambio constitucional, o aspecto máis «rupturista» do proxecto do Goberno actual quedará bloqueado. As próximas Cortes non serían constituíntes, senón lexislativas, e o país quedaría estrampado cunha estrutura política híbrida na que a soberanía popular estaría totalmente mediatizada. A ruptura viría despóis, e eu supoño que xa non sería pacífica. Os problemas económicos, sociais e políticos faríanse explosivos e ingobernabeis.

Por outra banda, o réxime das liberdades públicas, procedente da reforma Arias - Fraga, resulta arbitrario, discriminatorio e antidemocrático. Faise preciso escomenzar axiña o momento derogatorio ou abrogatorio da lexislación e institucións caducas que aínda subsisten,

pra que se poida concurrir en igualdade de condicións e con plena vixencia das liberdades públicas ás eleccións. Faise preciso, igualmente, atopar algún sistema de financiación estatal das forzas políticas, pois senón a oposición deica agora reprimida veríase asoballada pola maior capacidade económica do franquismo residual e polo escaso tempo que falla prás eleccións.

Pro ¿vai facer esto o Goberno? ¿Por qué procedemento? ¿Vai continua-la prórroga das Cortes deica o momento das eleccións? ¿Van seguir condenados os partidos da oposición á semiclandestinidad e á impotencia organizativa deica o fin do proceso? ¿Sofrirá mutilacións arbitrarias a esquerda? ¿Poderá chegarse ó compromiso de acatar provisionamente a lei de reforma política como lexislación fundamental a cambio da plena vixencia das liberdades? ¿Seguirá o Goberno sin facer política económica e social hastra despóis das eleccións? ¿Vaise recompoñe-lo Goberno despóis do referéndum?

En terceiro lugar, non se coñece a Lei Electoral, que é un elemento determinante —xunto coa vixencia das liberdades públicas e a fixación do momento das eleccións— das posibilidades do neofranquismo ou da oposición democrática de ámbito estatal e de nacionalidades e rexións.

Por último, existe o problema da estrutura do Estado. Diversas forzas políticas pensan que non se acadará un réxime plenamente democrático menteres o Estado non deixe de ser centralista, adoptando unha estrutura autonómica ou federal, ou iniciando un proceso pro-

gresivo de autogoberno dende as autonomías hastra o federalismo. Este proceso levaríanos dunha vez a constituír unha estrutura estatal adecuada e modélica pra artellar dun xeito liberador, racional e solidario esa comunidade de pobos que chamamos España e pra contribuir á construción de Europa.

Agora ben, ¿transformarase o Senado na Cámara do neofranquismo continuísta ou en Asamblea das nacionalidades e rexións? A solución a este interrogante depende tamén en gran parte da segunda fase da reforma, do réxime electoral, das alianzas das forzas de nacionalidades e rexións, e de que o resultado da segunda fase da reforma sexan Cortes constituíntes ou lexislativas.

Dedante do referéndum ¿qué facemos?

En síntese, democracia ou lexitimación do neofranquismo, Cortes Constituíntes ou Cortes continuístas e soberanía popular secuestrada, cambio pacífico de réxime ou atranco institucional, construción racional de España ou Estado centralista... Este é o conxunto de alternativas que plantexa a segunda fase da reforma, e a súa solución dependerá en alto grado do comportamento do poder durante a mesma.

Por todo esto, porque a aprobación do referéndum pódese interpretar como un trámite da liquidación do franquismo ou como unha lexitimación do Goberno, que lles

deixaría as mans ceibas pra orienta-lo curso posterior do cambio, a oposición adopta unha postura de cautela, esixindo a negociación inmediata ou recomendando a abstención ou o voto en branco.

Penso eu que a interpretación autolexitimadora do referéndum por parte do Goberno sería un erro histórico e levaría a unha situación inviábel, pois a Monarquía somentes pode consolidarse nun réxime de democracia plena, e os demócratas e o pobo queren a transformación pacífica.

Nembargantes, o poder leva moito tempo illado do pobo, e as tendencias estruturais e motivacionais da clase política dirixente foron deica agora alleas á democracia. Por eso, a cautela da oposición paréceme xustificábel dabondo, ademáis de que a prevención fronte ós referéndums, polas manipulacións de que son susceptibles, é un dos principios da democracia.

Penso, xa que logo, que dende o día dezaséis de Nadal o pobo ten o dereito e o deber de poñer en marcha a democracia.

Donos das palabras

O Poder gaña sempre. O Poder é o dono das palabras, o dono dos nomes das cousas, mesmo dos nomes secretos. No mellor dos casos á oposición (cousas da democracia) deixáronlle o espri. Quero dicir que non llo secuestraron. Eisí as cousas, cando fallan aínda dez días pró das urnas, todo agoiro está a favor do Poder, absolutamente a favor do Poder. ¿Pra qué xogar?

Noutros sitios, de calquera xeito, fan as cousas mellor, ou sábenlle lavar mellor a cara ás cousas. Eiqú, ós dous días de escomenza-la campaña publicitaria do primeiro referéndum da Monarquía, iban xa á comisaría tres mulleres galegas que repartían folletos pola abstención. Logo foron máis. Polo demáis, o Poder é sempre o dono das palabras, de absolutamente tódalas palabras, de absolutamente todo o diccionario.

Mentras, a campaña publicitaria está a ser moi criticada polo seu «didactismo de escola primaria», o que non é boa señal. Mentras, tamén —segundo datos facilitados dende Madrid pra TEI-MA por Rafael López Torre— os publicitarios da oposición xa advertiron que moitas axencias tiñan a vista posta nas eleccións nas que algúns partidos políticos poderán dispoñer de contas entre os 300 e os 800 millóns de pesetas. Pro o Poder tamén pensa, cómo non, nas eleccións. O diñeiro non lle falta e as palabras poden hastra sobralle si a radio e a televisión siguen cos vellos comportamentos da época franquista. Nada parece indicar agora mesmo que vaian cambiar. Todo escapa a todos os controles. Somentes o Poder informa, aconsella, dicta, e despóis ordena. Todo o imaxinable e non imaxinable cabe dentro das alforxas da «razón de Estado», que non ten por qué ser precisamente razonable. Dende fora, as «condicións» teñen aire de rogativas. Pro non é tempo de oración. Despóis virán outras campañas, outras palabras, outras eleccións... Pro ¿vale realmente a pena xogar coas cartas marcadas?

O título da crónica do home de TEI-MA en Catalunya pode falarlle ó lector non pouco do contido. Efectivamente, XAVIER COSTA CLAVELL aborda a realidade e a situación dos «outros cataláns» fronte ós manexos de que poden ser obxecto nos próximos comicios.

O feito de que a maioría dos partidos de obediencia catalana se teñan decantado pola abstención polo que atañe á votación no referéndum do día 15 — saír este primeiro número de TEI-MA a incógnita estará xa despexada— consítue un interesante test encol da forza real do catalanismo. Pro non é precisamente no referéndum onde reside a maior conflictividade política no seo dos partidos cataláns propulsores da restauración dos dereitos autonómicos, senón no que pode pasar nas próximas eleccións —supoñendo como é lóxico supoñer, que poidan celebrarse con tódalas garantías democráticas, condición esixida pola oposición pra participar nelas— no que se refire ós electores procedentes das capas da inmigración.

OS OUTROS CATALANS

A importancia destes continxentes humanos de extracción non catalá, ou sexa, os outros cataláns —por decilo cunha feliz expresión do meu amigo Paco Candel— é moi grande e pode ser en Catalunya decisiva no resultado das eleccións que se aveciñan. Abonda pra lle dar creto ó que digo sinalar que, por me referir sóio a Barcelona e á súa comarca, o 40 por cento dos habitantes de Barcelona cidade non naceron en Catalunya. O mesmo ocorre co 53,08 por cento da poboación no Baix Llobretat. En Santa Coloma, de 10 habitantes, 7 son inmigrantes. ¿Qué opcións políticas van escoller estas masas de votantes non nativos de Catalunya? E unha incógnita que preocupa fundamentalmente ós partidos especificamente cataláns, e no mesmo grado ós que, aberta ou vergonzantemente, sinten nostalgia polo centralismo baixo á rixida batuta dictatorial do franquismo.

ABANDONO E FLOXA POLITIZACION

Compre engadir que a politización dos inmigrantes é considerablemente deficiente, o que consítue un grave perigo prós partidos cataláns. Non hai que esquecer que a inmensa maioría dos inmigrantes son de baixa extracción social e que a súa formación cultural e política é pouco menos que nula. Son polo tanto moi sensibeis á influencia alleante da televisión e máis da radio. E ben sabido é que polos medios audiovisuais sóio lles foron suministrados ós inmigrantes noticias

CATALUNYA

O pantasma do lerrouxismo



AS CHABOLAS DA EMIGRACION
¿E posible o «lerrouxismo»?

que falaban dos dudosos triunfos sociais do réxime de Franco, e que os únicos políticos dos que se falaba neses medios de comunicación social eran os Fraga, os Martínez Esteruelas, os Arias, os homes, en suma, do neofranquismo. Pola televisión ou pola radio —os inmigrantes len pouca prensa escrita— ningún informou ós traballadores non nativos de Catalunya das opcións políticas que representan por exemplo, un Joan Reventós, un Jordi Pujol, un Pallach ou un López Reimundo. E certo que o Partit Socialista Unificat de Catalunya (P.S.U.C.), dun xeito moi especial, o Partit Socialista Catalá (P.S.C.) ou Convergencia Democrática, téñense preocupado por politiza-las camadas de inmigrantes e que contan con non poucos militantes. Pro os militantes non abundan pra gañar unhas eleccións nas que é precisamente a poboación non militante a que decide os resultados.

...E OS LERROUXISTAS

Son moitos os indicios de que en Catalunya se está a proxectar, máis ou menos abertamente, unha operación de índole lerrouxista que se esforzará —e medios non lle han faltar— por conquistar que os inmigrantes non voten ós partidos cataláns, senón á Alianza Popular de Fraga e á Unión Catalana de Udina

Martorell, que esgrimirán tópicos como a dificultade que representaría prós emigrantes a implantación do catalán como lingua oficial, o perigo de desordes, a ameaza contra o sacrosanta «unidad de la patria española» ou que o catalanismo é cousa da burguesía e non dos obreiros.

Parece ser que Fraga ten postas non poucas esperanzas en atraguerse ás casas rexionais existentes en Barcelona. Algunhas directivas parece ser que están xa a traballar na sombra pra que os socios voten ós homes que defenden en Catalunya as posicións neofranquistas. Non teño noticia, en troques, de que os partidos cataláns teñan feito xestión ningunha pra captalas simpatías dos socios das casas rexionais e coído que é un erro o esquecerse deses milleiros de socios que as integran. As casas rexionais poden ser un eficaz eslabón disgregador nas mans do neolerrrouxismo.

Habería que facerlles ver ós inmigrantes asociados neses entidades que os que agora lles fan arrumacos pseudo-democráticos son os mesmos que gobernaban o Estado español cando eles tiveron que deixalas terra en que naceron porque nela non había pan pra eles e os seus fillos. E que foi Catalunya precisamente a que os acolléu e se lles ofrecéu como unha segunda patria.

pobos
ibéricos



MANUEL GERENA
Finou o tempo po laio

A clausura do I Congreso do Partido Socialista Andaluz (P.S.A.) e a aparición dun novo diario de ámbito rexional, «Informaciones de Andalucía» son dous exemplos de inqueda e proxección da conciencia rexional andaluza. Con eles, ANTONIO RAMOS ESPEJO, que escribe dende Granada, artellou a súa primeira crónica pra TEIMA.

ANDALUCIA

Da estratexia da queixa á estratexia do poder

rompe-las relacións de dominación e explotación que hoxe está a padecer en beneficio do capitalismo central monopolista. E esa ruptura implica a autoxestión do pobo andaluz, dos seus recursos naturais, das súas forzas de traballo, do seu aforro, do seu folklore e da súa cultura, todo enaxenado hoxe». O Partido Socialista Andaluz reclama ademais a garantía dun Estatuto de Autonomía pra conquistar:

—O recoñecemento da personalidade política de Andalucía e o dereito do pobo andaluz ó seu autogoberno, en pé de igualdade cos outros pobos do Estado español.

—A configuración do *poder andaluz* nos seus obxetivos de orde político, económico, social e cultural.

—A dotación ó *poder andaluz* dun órgano legislativo e dun executivo responsable da ordenación e xestión dos seus intereses.

UN PAU O REFERENDUM

E chegado o tempo, como diría Miguel Angel Arredonda, de «pasar da estratexia do lamento (das queixas) á estratexia do poder», actitude válida hoxe tanto pra andaluces como pra extremeños, murcianos, aragoneses, ou galegos. O congreso do P.S.A. serviu ademais pra convertilo no primeiro acto de abstención activa feito nesta rexión. «Andaluz, o referéndum non é cousa túa» é o slogan que lanzou este grupo político. Tamén foi á tribuna pra devolver-la a palabra na súa terra á duquesa (roxa) de Medina Sidonia, a Antonio García Trevijano, a Manuel Benítez Rufo, dirixente do Partido Comunista en Sevilla, volto recentemente do esilio, e a Plácido

Fernández Viagas, representante de Justicia Democrática, e separado do seu cargo de maxistrado-xuez, unha vítima máis da represión en Andalucía.

«Tamén a actuación de Manuel Gerena en Granada entre bandeiras verdiblancas con letreiros de «libertade», foi convertida nun acto en pro da abstención no referéndum. «Eu non votaréi», dixo o cantaor andaluz, tantos anos prohibido «por cantar á libertade».

NOVAS VOCE PRA UNHA REXION

Decembro sinala tamén na nosa rexión a aparición dun novo diario, vespertino, «Informaciones de Andalucía». Guillermo Medina, o seu director, logrou xuntar unha plantilla de profesionais de primeira liña: Antonio Burgos, Ricardo Ríos, Antonio Checa, Ortiz Nuevo, etc., homes que saben espresar-las cuestións palpitantes de Andalucía, os seus graves problemas fillos do subdesenrolo e as súas grandes esperanzas. O novo xornal será editado en Sevilla e terá difusión por toda a rexión.

En Granada un grupo de periodistas xóvens prepara a aparición de «El Defensor Andaluz», que terá o seu radio de acción entre as asociacións de veciños, colexios profesionais e sectores laboral e universitario.

Entre publicación e publicación, Andalucía vai recobrando pouco a pouco a súa voz tantos anos perdida e utilizada naquelas memorabeis campañas triunfalistas do turismo español, co sol e o «olé» das terras e os homes do sur, que agora queiren pasar da «estratexia do lamento (das queixas) á estratexia do poder».

ARAGON Agricultores e gandeiros contra as importacións de millo

Os agricultores e gandeiros aragoneses están descontentos pola política agraria e especialmente polo que está a ocorrer coa colleita de millo. Por eso pediron ó Goberno o corte radical das importacións de millo de novembro a marzo e a fixación dun precio de garantía a 12,02 pesetas o kilo.

XESUS BLANCO LIDON informa dende Zaragoza.

Cicáis un dos factores que inciden máis negativamente na problemática situación do millo son as importacións que indiscriminadamente se fan cada ano, especialmente na época (novembro a marzo) en que o millo aragonés está a recollese.

O problema das importacións sae, por outro lado, do contexto meramente agrario, ó ser un dos factores que máis negativamente inciden na nosa balanza de pagos, xa que as importacións de millo supuxeron o ano 1975 máis de 32.000 millóns de pesetas en valor real.

Polo demáis, danse dous aspectos na actividade das compañías importadoras de millo que merecen ser destacados. As condicións en que se levan a cabo estas importacións son dificilmente xustificabeis dende o punto de vista ético, raiando nalgúns casos na criminalidade.

O NEGOCIO DAS COMPAÑIAS IMPORTADORAS

Os dereitos reguladores sobor das importacións de millo (aranceis á importación) chegaron a baixar hasta a insólita cifra dun céntimo por kilo de millo importado e, ademais, dende o mes de febreiro chegouse a primar con 387 pesetas por tonelada os costes dos fretes de millo de importación. Todo esto fai que gracias a unhas excepciónais medidas arancelarias de tipo proteccionista a importación de millo sexa un moi bo negocio prás compañías especializadas. Con esto primase por parte do Goberno unha actividade comercial, que non somentes repercute dun xeito negativo na nosa balanza comercial, senón que ás veces, e gracias á falta de control sobor das importacións, ten resultados catastróficos pra nosa gandeira (como poido comprobarse o ano pasado en Galicia) bloqueando en todo caso a produción nacional de millo.

Pra rematar, os agricultores aragoneses, por medio da recentemente creada «Unión de Agricultores e Gandeiros de Aragón», recordaron unha vez máis, a necesidade dunha planificación democrática da nosa economía comercial. Unha planificación que acabando con tantos abusos e complicidades oficiais, poida se-lo punto de partida do rexurdir dun dos sectores productivos máis deprimidos e potencialmente conflictivos: o agrario.

De entrada en Aragón o clima é tenso e non sería nada estraño atoparse novamente cunha situación conflictiva como a do ano pasado.

POLO PODER ANDALUZ

«Andalucía necesita —sigue a Declaración devandita— pra supera-lo subdesenrolo e conquista-la súa identidade,

Limitada polas súas propias forzas, Québec vive unha historia cíclica, vive un tempo circular entre a resistencia e a participación. Nacionalidade diferenciada, loita por ver de non esmorecer baixo das presións do Canadá de fala inglesa e dos Estados Unidos de Norteamérica.

O pasado día 15 do mes de Santos, horas despois de pechados os colexios electorais, o independentista Partido Quebequés (PQ) ganaba as últimas eleccións lexislativas con René Lévesque á cabeza e cunha gran maioría sobor do Partido Liberal de Robert Bourassa. O día seguinte, 16, Québec escomezaba unha nova etapa.

Xavier Navaza fixo o informe.

Québec loita pola independencia

Despois da primeira conferencia de ministros provinciais da confederación do Canadá, convocada en 1887 polo Québec e á que o Goberno Federal non quixo ir cunha representación súa, o enfrontamento entre o *chan federal* e o *chan provincial* semella que existiu sempre. Mais trátase dun verdadeiro risco de «balcanización», separatismo xeralizado —coma din os federáis—, ou dunha volta ó balance a favor do «poder provincial» e dunha millor coordinación entre os dous niveis de goberno?

O dilema xurde doutro xeito: O Québec tenta de se independizar dunha federación na que a súa participación é, certamente, inxusta e desigual? Ou, pola contra, ¿quere chegar a unha maior participación e máis xusta, máis de acordo coa súa aportación real, no plan «pan-canadiense»? A resposta positiva á primeira cuestión significaría, sin dúbida, o salvamento definitivo da conciencia colectiva do Québec (historia, cultura, economía, etc.) fronte ás presións dos canadenses de fala inglesa e, de rebote, fronte dos intentos asimilacionistas do imperialismo USA.

A segunda cuestión, o xogo da carta «pan-canadiense», deixaría a Québec —tendo en conta a actual Constitución do Canadá— mergullado minoritariamente nun mar anglosaxón, non só polo maioría anglófona do Canadá senón pola teimosa presenza norteamericana. Así é na actual Constitución porque ¿hai un verdadeiro federalismo canadense e en pé de igualdade? Unha resposta positiva suliñaría o camiño do Québec cara á segunda cuestión sin o temor da perda da súa propia identidade e fóra xa o perigo da «balcanización» do Canadá. Pro a resposta é moi outra, é dicir:

NON HAI TAL FEDERALISMO

As eleccións do 29 de outubro de 1973 apareceron pra moitos coma a proba da vontade do Québec de seguir no seo da confederación canadense. O Partido Liberal de Québec (PLQ) —con Bourassa á cabeza, hoxe botado polo Partido Quebequés (PQ) de René Lévesque (independentista), é a sucursal en Québec do Partido Liberal Canadiense (PLC) dirixido por Pierre Elliot Trudeau (xefe do Goberno Federal e, polo tanto, antiindependentista)— conquistou daquelas 102 postos no Parlamento quebequés sobor dun total de 110.

«Se houbo un «problema Québec», agora desapareceu», díxose

entón, Mais nada máis lonxe da realidade: fóra da actitude conxuntural nunhas eleccións, a posta en cuestión do federalismo canadense apóiase en Québec por fondas razóns políticas, sociolóxicas, históricas, xurídicas, económicas e culturais. Razóns que fan permanente a loita do PQ pola independencia ou senón, pola reforma total e sin remendos da Constitución Federal, cousa nada doada sin poñer en coherencia os privilexios dos canadenses de fala inglesa.

As cousas deste xeito, dous puntos son fundamentais na crise constitucional do Canadá:

Primeiro: O federalismo canadense non é un verdadeiro federalismo.

Todo Estado federal esixe, previamente, a existencia dunha Constitución formal, e, no Canadá, certamente, non a hai: en todo caso o que hai é un texto que prevé e define o funcionamento dalgunhas institucións, mais non se trata dunha verdadeira Constitución canadense. O Acta de América do Norte Británica (AANB) é unha lei inglesa votada polo Parlamento do Wetsminster e firmada pola reina Victoria o día 1 do mes de Santiago de 1867. Lei inglesa, o AANB non ten valor xurídico máis que na súa versión inglesa. O texto francés, polo demáis, é unha simple tradución mal feita e que non dá xenio ningún ó lela.

Segundo: O federalismo canadense non funciona ben coma tal.

Outra grave característica de todo Estado federal é a existencia dunha Cámara Alta onde os distintos membros compoñentes da federación están representados en pé de igualdade. Mais o Senado canadense non respeta este principio de igualdade e os senadores son nomeados polo Goberno federal e non, coma tiña que ser, eleixidos no cadro das súas provincias respectivas.

REPARTO DE COMPETENCIAS, XA

Dende as súas orixes, Québec ten un obsetivo fixo: Unha reforma en profundidade do federalismo canadense e un novo reparto das competencias entre o poder federal e o poder das provincias. E dicir, que os dominios xurisdiccionais das provincias medren e os poderes federais queden determinados na nova Constitución, «a cal —di o independentismo quebequés— recoñecerá a existencia, no Canadá, de dúas nacións ben definidas xa e establecerá os dereitos colectivos das dúas comunidades».

A nova Constitución, segundo os independentistas do Québec, ten de prevelo xeito máis preciso de evita-los conflitos permanentes e garantiza-la existencia dun verdadeiro federalismo asegurando ós seus membros o respecto mutuo ós dominios de xurisdicción respectivos. Pola contra, o reparto de competencias da AANB é incompleto e nada preciso. En todo caso, atribúe ós membros federais unhas competencias residuais e aínda estas, en caso de guerra, insurrección ou situacións de excepción, poden ser suprimidas (caso das dúas guerras

RESTO DO MUNDO

mundiais e dos sucesos do 1970 en Québec).

O federalismo canadense sofre doutra febleza máis: A Constitución non fixa ningún mecanismo de revisión. Se ben, dende a súa independencia, Canadá leva tentado moitas veces de atopar un sistema propio, aínda non o conqrueriu ou non foi posible adapta-lo. A primeira razón reside en que Québec, lóxicamente, non quere un mecanismo que lle impida acceder progresivamente á súa soberanía. Pola contra, é un elemento importante o feito de que, ó fio dos anos, dende 1867, pola banda do poder federal asistese a un *movemento centralizador* que, reforzado nos últimos tempos, reduce sin cesar a capacidade de acción das provincias supostamente federadas. O cal, no caso de Québec, polas súas particularidades lingüísticas e culturais, dá lugar á máis forte resistencia ó centralismo do Goberno federal, hoxe dirixido por Trudeau e o seu partido, o PLC.

En todo caso, tanto o resto das provincias —de fala inglesa— coma o Goberno federal, nunca chegaron a admitir calquera modificación fonda na actual Constitución, calquera arranxo que puxera en cuestión os seus cimentos tal e coma veñen sendo deica agora. Cimentos que son, hoxe por hoxe, dende sempre, a causa dunha situación de desequilibrio na que os francófonos canadenses, os quebequeses, levan as de perder.

As últimas eleccións lexislativas no Québec ceiban unha nova fase. O PQ, cun corenta e un por cento dos votos, dispón dende agora da maioría no Parlamento da provincia: setenta postos decisivos contra dos vintasete do PLQ. O certo é, sin embargo, que René Lévesque aínda non xugou a carta da independencia, limitándose nesta ocasión a levar adiante unha forte crítica ás xestións gubernamentais dos liberais: corrupción, desemprego, ineficacia... foron os triunfos, axudados pola existencia da chamada «Lei da lingua oficial» propugnada por Bourassa, que proclama ó francés coma única lingua oficial dos quebequeses. O cal lle trouxo a inmediata adversión da minoría inglesa no Québec, un millón de persoas xunto de máis de cinco millóns de francófones.

As briscas virán dende os comenzos do próximo 1977, cando Lévesque convoque ós seus lexislados e escomece a campaña. Logo, en dous anos, un referéndum decidirá: Independencia ou integración. E, sempre, o Québec entre a resistencia e a participación.



TRUDEAU: O cataclismo

Pierre Elliot Trudeau, partidario dun federalismo centralizador baseado nun «nacionalismo cultural» canadense, tenta desarmar con tal estratexia ó nacionalismo do Québec. O programa Trudeau, neste senso, vai acompañado dunha xogada de bilingüización levada adiante pola Administración federal. Mais ós nacionalistas de Lévesque non lles é dabondo.

Namentres Trudeau ameazaba ó Partido Quedequés (PQ) co cataclismo da balcanización do Canadá, o cumio do PQ —despóis de gana-las eleccións— viña a decidir: «Ninguén pode agardar que deixémo-los nosos obxetivos de conqueri-la independencia pro, polo de agora, imos gobernar Québec durante os próximos catro anos mantendo as actuais estruturas». E Tru-

deau, ó mesmo tempo, teimaba a traveso dos servicios de radio e televisión da rede federal, «Canadian Broadcasting Corporation», cunha chea de propaganda en inglés (prá confederación) e en francés (prós de Québec).

Pola súa banda, o xornal de liña inglesa «Toronto Star» botáballe unha man a Trudeau: «Se o Québec vai pola independeincia —decía— tódalas rexións deste país, traballadamente xuntadas entre delas nunha estrutura nacional, escomenzarán a conquistar outras direccións pra se salvar da desfeita. As provincias occidentais sufrerán a tentación dos EE.UU e as mariñeiras esnaquizaránse polo mesmo. Ontario perderá os seus mercados no resto do Canadá e veráse forzada a unha maior dependencia dos EE.UU.».

ULSTER: Voltan os pacifistas

Unhas dez mil persoas, na súa meirande parte mulleres protestantes e católicas, participaron o domingo día 5 nunha marcha organizada polo Movemento da Paz de Irlanda do Norte. O fronte da manifestación, xunto cas dirixentes do movemento, ía a cantante Joan Báez. O noso corresponsal en Londres Pérez Barreiro nos informa sobre o significado deste grupo dentro da realidade conflictiva do Ulster.

Mentres o IRA advirte que si continúan as delacións —problema tradicional dos movementos revolucionarios irlandeses— os militantes do Movemento da Paz sufrirán as consecuencias, e comenza xa a actuar contra os presuntos delatores, o Movemento mesmo publicou esta semá un documento de 34 páxinas, titulado «O precio da Paz», que ven a ser o seu primeiro manifesto. Comenza así a transformación das manifestacións de mulleres nun movi-

mento que arela a maior permanencia e a non sufrir a sorte de tantos outros semellantes que ramataron sempre devorados pola dinámica do conflito do Ulster.

O autor do documento é Ciaran Nckeown, que sae así da anonimidade, aínda que foi fundador, hai sete semáns, con Betty Williams e Mairead Corrigan, do Movemento da Paz. Quérese marcar con isto a nova fase da organización.

Cioran Nckeown procede do movemento dos «Civil Rights» co que comenzou a axitación no Ulster en 1966. Pertencía á aza pacifista —moi considerable— daquel movemento, e abandonou as actividades políticas en 1968, cando o conflito mudou de carácter coa intervención do IRA e a resurrección doutras forzas tradicionais dos conflitos da illa. Nckeown, xornalista e graduado en Filosofía da Queen's University de Belfast, considerou que o prantexamento «moderno» da loita tiña revertido ó tradicional, que dos anos sesenta tíñase votado ós vinte.

A tesis de «O precio da Paz» é que fai falla rexeitar a cuestión, «esencialmente imperialista» de cómo se pode gobernar a Irlanda do Norte, e substituíla pola de cómo se pode desenvolver unha democracia estable en Irlanda do Norte. Cree, probablemente con demasiado optimismo, que as traxedias destes últimos anos crearon unha nova base de identidade no Ulster, unha experiencia distinta das de Inglaterra, Escocia e Gales, e tamén da República de Irlanda, e que sobre esa experiencia pódese construír unha solución. Pensa que podería contarse con un considerabel apoio financeiro do Reino Unido na etapa inicial do camiño cara ás institucións do Ulster coma rexión europea.


O QUEBEC, COLONIZADO

A paz semella que voltou despóis dalgúns anos, esquecidos xa os conflitos diplomáticos causados pola visita do xeral De Gaulle en 1967 («¿Viva o Québec libre?»), chegou a berrar -pola conta que lle tiña- o 24 do mes de Santiago nun hotel de Montreal e no pasado a tronada de 1970, cando as accións do Frente de Liberación de Québec (FLQ) orixinaron o secuestro e morte do entón ministro de Traballo, Pierre Laporte. Fora o cumio da crise.

Sendo Québec unha sexta parte do territorio do Canadá, máis do oitenta por cento da poboación ten o francés coma o seu idioma namentres o resto, non sendo algúns italiáns ou gregos, por exemplo, fala inglés. Pola contra, non é aquela maioría francófona senón, precisamente, a minoría de fala inglesa a que ocupa máis do oitenta por cento dos postos de decisión. A pesares deso, máis do cincuenta por cento das grandes empresas non son nin duns nin doutros senón dos Estados Unidos.

Esa presenza norteamericana (a de «douscentos millóns de amigos que nos queren ben», din os de Québec con moita retransa) é o que evidencia cada día máis o crecemento da influencia USA en Canadá e, doutramente, no Québec: USA sobor da confederación canadense e a confederación enriba dos quebequeses. Unha situación que fai que, ó final, tanto os quebequeses coma tódolos canadenses se sintan como se fosen «os negros-blancos da América do Norte» respecto dos EE.UU.

En todo caso, o home quebequés sintese seriamente colonizado diante da súa escasa capacidade de decisión sobor das riquezas do seu propio país.



cerveza



**San
Martín**

E un escenario irreal, propio dun film de ciencia-ficción. Aló, perto das augas ceibes do río Deza, entre árbores e casas de labranza, érguese un barrio de formigón, un barrio que pola súa feitura e polos materiais de construción estaría máis axeitado a calquera cidade industrial de centro-europa.

Os milagres do «wolfram»

Un barrio proletario nun monte de Galicia

Foi coa II Guerra Mundial. Centos de homes chegaron a Fontao-Cruces á procura do «ouro negro», do wolfram. Contan que o apreciado metal —hoxendía moi baixo de precio— vendíase ós alemáns que o utilizaban pra facer armamento, pola resistencia que daba ás misturas, pro tamén ós ingleses que logo o tiraban ó mar.

A existencia de tesiterita e wolfram nesta zona montañosa de Silleda, na provincia de Pontevedra, foi descuberta hai xa moitos séculos, din que polos fenicios. Mais o verdadeiro «boom» chegou neste século coa primeira e, sobor de todo coa segunda guerra mundial. Tamén a guerra de Corea, nos anos cincuenta, influiría na demanda de mineral e polo tanto na vida mesma desta terra galega.

COMA NO OESTE

Quen viviu e coñeceu o tempo de maior auxe das minas, precisamente na calamitosa postguerra, esplicanos que semellaba un Oeste americano en pequeno. Houbo mesmo unha novela titulada «Wolfram-wolfram» que, de xeito costumbrista, reflexaba parte do ambiente que entón había.

Eran milleiros de persoas que chegaban en vehículos, da cabalo, ou a pé, na busca do mineral que, anque fora por uns días, os alonxábase da miseria cotián. Vivían moi mal, en barracóns de madeira, ou mesmo dormían nas cortes do gando que os donos alquilaban a bo precio. Como era lóxico, abondaban



A MINA E, A CARON, O RIO DEZA

as tascas, as loitas, as esmorgas... era cáseque unha terra prometida á que se chegaba fuxindo da fame e da escaseza.

E detrás dos cartos viñan tamén as atraccións, as compañías de baile, as orquestas, mozas, cantantes do momento, coma Machín, retratistas, bailaroes, barbeiros, carteiristas... Proxectábanse películas cinematográficas, das que algunhas carteleras aínda hoxe dan un aer esótico ós bares, xa semidesertos, da zona.

POLITICOS NA MINA

Máis o mineral que levou aquel aer festivo, que fixo ricos a algúns, tiña outra faceta que facía lembrar á xente que houbera unha guerra civil á que seguía unha forte represión contra todo o que significara democracia. Chegou a haber máis de quinientos presos políticos traballando nas minas, vixilados polo Exército e pola Guarda Civil. Había «comunistas» —coma nos decían na aldea— galegos, madrileños, vascos, asturiáns, cazurros, portugueses... e aínda está en pé a casa que servía de cadea.

Por outra banda, o traballo na mina era durfísimo. «Era coma meterse na cova do demo», decíanos un vello. Das condicións sanitarias é millor non falar: ningún médico, un soio practicante, unha casabotiquín... A silicose fixo verdadeiros estragos. «Eu cheguei a ver —contábannos— cinco ataúdes pró camposanto, un detrás doutro».

Traballábase oito horas e algúns dos que mandaban —moitos recordan un administrador que tiña coma espresivo alias «o testaferrós»— non facía precisamente máis agradable o choio.

O POBOADO

Pro hai algo hoxe en Fontao que fai abrir moito os ollos a calquera visitante. Perto das casas labregas, deshabitado agás tres ou catro vivendas, hai un poboado mineiro, coa súa igrexa, co seu salón de cine, coas súas escolas —nas que aínda se poden ver colgados os

retratos de Franco e José Antonio, os mapas, e un cadro da Virxe María—, o seu campión de fútbol... as árbores de arredor, as rúas desertas, a mesma estrutura do poboado, dálle un aer cáseque pantasmal.

«O día do desembarco de Normandía caíu o precio totalmente». A guerra de Corea traxería unha pouquiña vida naquela decadencia. Neste intre, arredor dos anos 58-59, construíuse o poboado no que viviron os empregados que mantiña alí a empresa até que pechou a mina definitivamente.

Deste xeito esta «Sociedad Es-taños de Silleda», hastra ó 1928 propiedade dos ingleses, logo hastra ó 1937 dos franceses, e despois de capital misto hispano-francés, deixou de explotala mina como tal no ano 1963. Máis tarde habería un intento de explotación a ceo aberto que se parou por orde do Xuzgado de Silleda, xa que houbo unha denuncia porque, según parece, as pedras desprendidas das explosións afectaron algunha casa. Perto da mina hai unhas granxas propiedade dos donos da empresa, que residen en Madrid.

O que é certo é que na zona hai unha especie de «misterio» difícil de definir. Ante certos temas cáseque ninguén quere falar, coma se houbera algo que esquencer.

Hoxendía xa non chega xente: pola contra, os mozos de Fontao emigran. Aínda non é tempo de troitas no río Deza e, aló abaixo, o mosteiro de Carboeiro, un dos máis fermosos de Galicia, agarda a súa reconstrución...



O CAMPO DE FUTBOL CON O FONDO



UN BARRIO IRREAL



Poema de Ramón Cabanillas con música de Juan Pardo

«¡EN PÉ!» ¿NUEVO HIMNO GALLEGO?

Basándose, entre otras razones con las que él está de acuerdo, en palabras de Celso Emilio Ferreiro — gran poeta de la Galicia actual — que no encuentra vigoroso el actual himno gallego, otra de las grandes figuras de las Letras Gallegas, Raimundo García Domínguez, más conocido por «Barobón», hizo la propuesta de que «¡En pé!», uno de los más célebres poemas de Ramón Cabanillas, musicado por Juan Pardo y estrenado en Santiago de Compostela el 13 de noviembre de 1976, se convirtiese en el verdadero himno de Galicia.



Escenario adecuado
La catedral de Santiago
en su fachada
del Obradoiro,
marco y símbolo.

Fotos: Pedro Martínez Perra

«Poema de Ramón Cabanillas con música de Juan Pardo. ¡En Pé!, ¿Nuevo himno gallego?». Así titula Antonio D. Olano, e esta é unha das «felices» ideas que espón, un longo reportaxe sobor do long - play de Juan Pardo «Galicia: miña nai dos dous mares». O señor Olano e mister Pardo deben pensar que cambiar de himno en Galicia é tan fácil

coma cambiar de chaqueta na Metrópoli. Despóis de formar parte do dúo «John and Junior», de tirarse das guedellas, e de mentarse a «mother» un a outro —cántase que discutían en inglés—, o Pardo fixo a súa primeira incursión no galego cando o «boom» comercial —que coincidiría co intre de meirande represión sobor dos «voces ceibes»— e

fiadeiro

DOUS MARES DE BAGOAS

de Manolo Escobar ó flamenco. compuso «A charanga» que é á canción galega coma «Mi carro»

Agora, no reportaxe de G.I., di «yo no he cambiado nunca». E certo, sigue a face-las mesmas horteradas. O grave é que as fai utilizando textos que pró pobo galego teñen un significado e moitas veces unha historia chea de dor e loita. Esa mesma canción de «En pé!» que mister Pardo presentou no Hostal, en presenza do gobernador civil de Pontevedra, do rector da Universidade e outras 11. persoalidades

con pasado franquista, teñena prohibido cantar eses mesmos cantantes galegos que Joan alcuma coas súas parvadas. «¿Qué soy ahora? Posiblemente estoy cerca de los que tienen verdaderas preocupaciones sociales. ¿Los socialistas? Pudiera ser... Si hay ese referéndum del que tanto se habla me gustaría votar. Debo votar». ¡Ai, miña nai! Se don Ramón chegara a ergue-la testa íanlle caer dous mares de bágoas. E despóis das bágoas ía facer brincar cunhas boas labazadas ós cantamañanas e algún sobriño que todos sabemos.

O FIADEIRO

A resposta dóulla Eduardo Blanco - Amor ó noso compañeiro Freixanes no seu libro aquel de «Unha ducia de galegos»: «Os fiadeiros eran xuntanzas de homes e mulleres na corte da casa campesiña, que era onde había calefacción animal, esperando ó día pra ir a traballar as terras. As mulleres, as vellas e máis as novas, fiaban e contaban contos. Eu aínda teño unha fotografía, cun ama de cría que tiña, nun destes fiadeiros nunha aldea perto de Ourense. Os mozos iban toda a noite dun fiadeiro noutro con pandeiros, cantaban ó chegar, espaxaban un pouco o estrume da corte e bailábase unha muiñeira (as vellas bailaban unha muiñeira señorial e solene); establecíanse unha sorte de loitas dialogadas antre os compoñentes, homes e mulleres, «farras» e «frascas». Había unhas leises, era un verdadeiro teatro espontáneo cun grande marxen de improvisación, coma todo o teatro no seu principio. Lamas Carvajal conta que chegaba un intre no que alguén tiraba o pucho, apagábase a luz do candil de gas e alí mesturábanse todos polo chan, homes e mulleres.

Blanco - Amor engadía logo que él non vira nunca aquilo das mulleres e máilos homes de reboles polo cortello adiante sin a luz do candil. Nós tampouco, claro, pro non perdémoslas esperanzas. E agardamos que, calquera día, no FIADEIRO da revista algún que outro carallán chegue e peche a luz: de alí en adiante FIADEIRO iráse quentando e collendo saúde, que é o máis importante, e a ver por ónde saímos logo, semá a semá. O millor sería, xa dende este número 1 de TEIMA, que FIADEIRO fora o resultado da liña directa da sección cos mesmos lectores: se nos poñemos a todo, os lectores e máis nós, os que facémola revista, imoslle asubiar polos ventos ó mesmo sandiolo contándonos secretiños a berros. Coa axuda dos contos do lector eiquí vanse saber moitas cousas, miudas e non tanto. Do pasado, do presente e do futuro. Do mar, do campo e da cidade. Dos curas, dos alcaldes, dos menciñeiros e das meigas (háinas dabondo). Da política e dos políticos. Dos homes e máis das mulleres ou de ámbolos dous xuntiños.

Outra de cantantes

Casino de Puente deume

Viernes, 26 Noviembre

8 y 9,30 noche

PARA EL PUEBLO

RECITALES CHEMA

(Aprobados por el M. I y Turismo de Madrid)

La voz democrata

Un Cántico a la Libertad

Con la presentación de sus canciones:

- ☆ La Democracia
- ☆ La Respuesta a la Verdad
- ☆ El Emigrante
- ☆ Requiem a Xesús

Y con temas de cantautores actuales

Entrada: 50 ptas.

Aquel señor vestido de azul que teimóu durante tantos anos na idea de que non estabamos preparados pra democracia, descoñecía, evidentemente, a existencia de Chema. Baixo nome tran frivolón agáchase nada menos que a primeira entre as moitas voces democratas que sin duda lle xurdirán a este país de agora en diante. Miren se estaría preparado Chema pra cando decir democracia deixara de ser pecado —a palabra, ollo: non o feito— que tiña compostas catro eleixias didáctico-libertarias adicadas «al pueblo». Pesía todo, o noso Chema —oportuno hastraneso— conqueriu que os seus recitáis foran oficialmente bendeci-

dos polo Ministerio de Información e Turismo de Madrid.

Con Franco non pasaban estas cousas.



RAFA

¿Un gran carallo?

Ninguén nesta revista sabe quen é o autor desta parida, máis pouco importa. Xa se sabe: o mundo está cheo de grandes obras anónimas (se poden ser limitadas, millor). De calquera xeito, tanta culpa ten o que tivo a idea orixinal coma quen aprobou e autorizou a instalación desta sorte de monolito.

Uns e outros debéronse inspirar, dende logo, en recordos —poida que pertos, poida que lonxanos no tempo— dalgunha práctica de circuncisión. De fimosis, vaia. Tamén poidera ser —en opinión doutro sector dos científicos ós que lles consultamos o caso— que o pétreo gran teto sexa a primeira manifestación escultórica que racha coa tradición pontevedresa: a soleira dunha nova etapa que pasará a se chamar «post - represiva».

Porque, aclarámonos, semellante apéndice érguese nos xardíns de

Santa María coa propia basílica coma telón de fondo, no mesmo corazón de Pontevedra. O emplazamento fainos pensar que se escolleu tal motivo en lugar concurredísimo por aquilo de perpetua-la lembranza, siquera dominicalmente e en festas de gardar, da virilidade pontevedresa. Virilidade, por outra banda, ben probada a pesares da inactividade da Moureira, que queda ben cerca do devandito emplazamento.

Claro que, se é eso o que se persigue, o surtidor deixaría ós homes de Pontevedra no mesmo borde da ridiculeza. Porque, coma di o noso corresponsal Guillermo Campos, con ese cativo chorriño non se vai a parte ningunha. A ningunha. Certamente, non é o que se di un gran carallo. Un pouco peregrino, eso sí.



A historia da radio en galego (unha historia pequena e chea de atrancos) é a historia dunha dependencia, inseparable do contesto xeral do país. O proceso castelanizador ten nos mass - media as ferramentas máis eficaces e esmagadoras. O «progreso» español das derradeiras décadas poida que non teña arrincado o bocio do Caurel nin os atrancos económicos e sociáis do noso pobo, pro metéu un transistor (unha lingua, unha mensaxe concreta) na orella de cada labrego e en cada fogar de Galicia. Falar da radio en galego é falar das tensións sociáis, intereses de clase e circunstancias políticas e económicas de Galicia.

A RADIO GALEGA

Entre a resistencia e os cambios políticos

V. F.

Na nosa circunstancia histórica os medios de comunicación de masas son o novo elemento (decisivo) a ter en conta no intre de facer un análese, ou mesmo iniciar calquera estratexia, cara á normalización lingüística do país. Todo proceso colonizador ou dependente ten nos mass-media as súas ferramentas máis eficaces. E de todas elas é a radio nestes intres a de maior dimensión e pegada popular. As súas características como medio de comunicación de masas fana presente nos máis variados sectores sociáis cunha penetración especial nas camadas máis populares, con menor nivel cultural e, polo mesmo, con menores posibilidades de defensa, engaioladas polo feitizo do medio.

Calquera observador decatárase de todo esto. Alonso Montero, no seu «Informe dramático...», apoiábase precisamente no gran poder dos mass-media pra falar da ferida de morte da nosa lingua. E certo. Agora ben, os medios endexamáis son malos de seu, senón asegún quén os emprega. Outra vez o problema é político.

OS MEDIOS NON SON NEUTRAIS

As décadas dos 40 e dos 50 foron as décadas da radio. Nos sesenta escomenzan a realizárense os primeiros programas radiofónicos en galego, de carácter fundamentalmente cultural (a cultura foi a **única vía posibel** de reafirmación galega durante moito tempo), anque cunhas miguíñas sociáis ou económicas de cando en vez, e cáseque sempre promovidos por grupos ou asociacións culturais, que nestas datas escomenzan a medrar con forza. «Da terra e dos tempos», «Aquí Galicia»... O crecemento do idioma nos medios de comunicación vai fundamente vencellado ó pulo social que esixe a súa presenza, a maior ou menor liberdade de expresión e á liberalización en cada intre das estruturas do Estado franquista.

Os homes (poucos) da primeira radio en galego da postguerra, que cáseque nunca pertencían ás plantillas das emisoras, sabían que os medios de comunicación de masas son ferramentas que conforman a sociedade, a imaxe que a so-

ciidade ten de sí mesma, coma un espello de masas controlado e amañado pola clase dominante. Eles eran (e aínda son) illas no medio dun ermo alleo.

COLONIZACION E DEPENDENCIA

En Barcelona falóuse dunha radio enteiramente en galego, catalán ou vasco: O paso seguinte á aparición de programas, pequenos tempos informativos, seccións radiofónicas, etc., nestas linguas. Nos derradeiros anos a presenza do galego na radio medróu dun xeito importante (parellamente á conciencia do país), pro sigue a ser moi minoritario e cáseque insignificante no contesto xeral. ¿Qué posibilidades hai, hoxendía, nas nosas circunstancias, dunha radio enteiramente en galego? Deso falábase en Barcelona.

A dependencia da radio é unha anécdota no contesto xeral e dependente do país. Hai quince emisoras en Galicia. Todas elas pertencen a cadeas estatáis e responden a unha programación centralizada en Madrid. O fenómeno é propio de toda España e esplicase, naturalmente, dentro dun Estado unitario e centralista.

En moitos casos o tempo de programación propio é mínimo, polo que aínda que se quixera, as opcións dunha **iniciativa galega** destas emisoras son moi poucas: hai que «pasar» o que fan en Madrid, os programas da emisora central. As emisoras galegas nin teñen medios, nin teñen cartos, nin teñen profesionáis axeitados pra desenrola-la súa iniciativa. A ninguén lle preocupa tampouco que os teñan. Non é un casual que os maiores índices de programación ou emprego do idioma (o mesmo en Galicia que en Catalunya ou Euzkadi) se dean nas emisoras máis descentralizadas, concretamente na COPE, que ademais son as máis novas.

TEIMA
CULTURAL

PUBLICIDADE

¿Quén mantén economicamente estas emisoras? A estrutura das mesmas obrígaas a depender cáseque exclusivamente da publicidade, pois o ouvinte non pode paga-la emisión como paga o periódico, por exemplo. E a meirande parte desa publicidade, polo menos en dúas cadeas, ven de Madrid. Non chegan a tres as emisoras galegas que poderían tentar unha vida propia, pola súa conta, xestionando elas mesmas a súa supervivencia. Por outra banda, a publicidade non é máis có control do capital, ás veces cunha dictadura moi forte, un capital que nada ten que ver coas preocupacións das que estamos a falar, anque outras cousas porque non lle son rentabeis. Calquera observador entende, nestas condicións, a grande ferramenta de control da burguesía centralista que é a radio.

A dependencia centralista, nunha meirande parte dos casos (SER e Radio Nacional principalmente) é absoluta. E os atrancos pra facer unha radio galega (coa aventura e os riscos posibles que esto poida significar) non son máis cá resulta de todo isto. Non é un casual que o programa máis antigo da radio en galego se faga en Montevideo: «Sempre en Galicia», unha emisión semanal de media hora de duración, pagada polos emigrantes, ás nove e media da mañá do domingo, dende 1950.

EIVAS E ATRANCOS

Nos derradeiros tempos o control estatal liberalizouse un chisco e nalgunha emisora faise mesmo información en galego, programas musicáis, culturais, etc., dun xeito moito máis aberto. Pro o sistema chantóu fundamente o principal atranco para poder adoitar unha postura mínimamente radical cara ó emprego da nosa lingua, abertamente xa, no medio radiofónico: a dependencia total de Madrid e a cuestión económica, a dependencia dos intereses do capital que financia as emisoras, entendidas sempre coma un negocio.

(Pasa á páxina seguinte) ➤

—Dende Montevideo: 26 anos de radio

«Bos días, galegos...»

(Ven da páxina anterior)

Falar dunha radio en galego, coma de calquera medio de comunicación, é falar, parellamente, das diferentes tensións sociáis, circunstancias políticas e económicas, loita de clases que conforma o desenvolvemento natural e histórico do idioma galego e dos propios medios de comunicacións nos últimos anos. Asegún se troquen os poderes, vaian medrando unhas opcións e recuando outras, se poderá falar duns medios en galego e ó servizo dos intereses de Galicia. As eivas e atrancos que sofre o noso país nos diferentes eidos da súa personalidade histórica amósanse eliqui abertamente.

UNHA POLITICA ESTATAL

¿Esto qué quer decir? Que hai atrancos e problemas, nada máis. De feito hai tamén unha toma de conciencia nalgúns sectores profesionáis (o que esplica as conclusións de Barcelona que eiqui mesmo publicamos, conclusións nas que, por outra banda, non era Galicia precisamente a máis representada), pro son sectores moi minoritarios.

O baixo nivel intelectual dos profesionáis radiofónicos, coas súas excepcións, tampouco axuda a plantexamentos que supoñan un

certo risco ou cambios ideolóxicos. Trocar esa mínima toma de conciencia en feitos concretos é un proceso por andar que esixe cambios sociáis e políticos de fondo. Os mass-media son reflexos e alongamentos da estrutura social na que viven, tenden a reforzala sempre.

As conclusións de Barcelona son importantes, son coma pequenas lumieiras no medio do ermo, pro os profesionáis sensibilizados (os poucos) saben que, nas circunstancias nas que se moven (dependencia directa ou indirecta estatal ó traveso de concesións administrativas que se poden retirar en calquera intre, centralismo absoluto, pouquísimos medios nas emisoras que *non son Madrid*, dependencia da publicidade e na programación, etc) o gran paso terfao que da-lo Estado. O Estado é quen ten a obriga de plantexar abertamente unha política radiofónica a prol destas linguas marxinaadas, apoiar económica e oficialmente ás emisoras que emitan enteiramente en galego, axudar ás programacións, desenvolve-lo medio fora do control madrileño, formación de profesionáis axeitados, etc. O que non sexa así é resistir ou facela guerrilla, coma deica agora. E un Estado que levara adiante unha política deste xeito non sería o mesmo Estado.

A RADIO DO ESILIO

Hai unha radio política, con raiceiras nos primeiros programas radiofónicos que se fixeron a prol do Estatuto de Autonomía en 1936. Eran programas nos que se recollían, en galego, os discursos e mitins dos políticos do Frente Popular. Son programas que marcaron un tempo de radio en galego, no esilio, cando eiqui nin tan sequer se facía a radio «culturalista» dos anos sesenta (e aínda de hoxe en grande parte de casos).

Os programas da BBC, en galego, foron a voz da resistencia republicá. «De Ribadeo a Tui», ó traveso da emisora Pirinaica, emitíase tódolos martes e aínda hai pouco que deixou de saír. Era o programa do Partido Comunista de Galicia. Logo do 25 de abril portugués, ó traveso da emisora Radio Clube de Oporto, emitíase os xoves outro programa tamén en galego: «Os meus amigos de Galicia...» que dirixía a xornalista esiliada Margarita Ledo Andiñón, dentro das posicións nacionalistas.

Mesmo o máis vello programa de radio en galego, «Sempre en Galicia», nacéu e vive no esilio emigrante. Emítase tódolos domingos ó traveso de Radio Carbe de Montevideo dende 1950, ano da morte de Alfonso R. Castelao. E aínda sigue a saír dende a outra banda do mar.

Informar en América Latina «Breviario», unha revista en busca da realidade

Nacéu en Buenos Aires (Arxentina) o pasado mes de setembro. Chámase «BREVARIIO. LA REVISTA LATINOAMERICANA» e pretende ser cada mes «un instrumento pra axudar a comprender-la información e desinformación da prensa corrente. Un ámbito prá polémica útil».

Xurde nun tempo especialmente perigoso, difícil —cicáis tamén dalgunha maneira esperanzador— prá Arxentina e en xeral, pra toda a América Latina. Un tempo no que as revistas de economía, política e socioloxía deberon deixar forzosamente paso ós semanarios dos chismes, ó esibicionismo social do peor gusto e, como non, ás pouco deportivas guerras dos poderosos do deporte. Quén sabe se non será excesivo pra unha publicación que se autocalifica como «independente, allea a todo partido, movemento, organización ou secta política ou relixiosa». De calquer xeito BREVARIIO púxose a andar disposto a salvar, se lle deixan, as fronteiras das vinte américas latinas, «víctimas das deficiencias non sempre inxenuas do periodismo internacional, incluído o da propia rexión». Adicada «máis á realidade que á mera actualidade» do continente americano, BREVARIIO propónse precisamente, «sumarse ós que procuran supera-las carencias e deformacións periodísticas», mostrando as diferentes facetas da política, a economía e a cultura daquelas repúblicas, «sin necesidade —son palabras do editor— de recorrer ós héroes da independencia nin usufructua-lo noso folklore nin falar continuamente en nome da América Latina».

OBSTACULOS PRA AUTONOMIA

¿Puntos de partida? A busca da autonomía e os consecuentes cambios sociáis como requisitos insoslaibéis, a concertación da solidariedade latinoamericana, en tanto se asente nunha efectiva vocación de autonomía. «De tódolos xeitos, dise no editoria presentado baixo o título «Las cartas sobre la mesa», o proceso que leve á autonomía non se deslizará suavemente, senón que atopará obstáculos serios e deberá sufrir máis dun choque con forzas encontradas». Pra todo esto —suliñámolo porque pode parecer paradóxico— BREVARIIO condena absolutamente a violencia por entender que «provoca a reacción defensiva dos sectores no desmedro dos cais debe efectuarse o proceso levándose a unifica-lo o seu poderío». En función destes plantexamentos, a nova revista latinoamericana non escluirá a aceptación do disenso e a confrontación. Sí deixará a un lado a deformación deliberada da realidade, os sectarismos e tódalas formas, as máis sutíes formas, que a forza sabe levar consigo.

A INTEGRACION, POR EJEMPLO

BREVARIIO presenta no seu primeiro número unha entrevista co padre Arrupe, o «papa negro», traballos sobor das non axudas ás nacións probes e a política secreta da fame, informe sobor da inflación latinoamericana, un perfil do presidente electo dos EE.UU., Jimmy Carter, os problemas da integración da América Latina e un artigo do historiador José Luis Romero que analiza o movemento migratorio campo-cidade rexistrado no continente dende os anos 30. Recolle tamén ademáis doutros traballos, unha narración de García Márquez, «La marquesita de Sierpe».

BREVARIIO é descoñecida na Península Ibérica, cousa grave porque a nosa información de América Latina resintese a causa das «deficiencias non sempre inxenuas do periodismo internacional, incluído o da propia rexión». Por eso en TEIMA quixemos recollela e presentala ós nosos lectores. Por eso e porque nos sentimos satisfeitos de falar dunha publicación, irmá dende a distancia, que sae disposta a apostar forte no preocupante panorama latinoamericano.

en Galicia...



RADIO POPULAR

VIGO, OURENSE, FERROL, LUGO

por unha radio cada día **máis nosa**

Unha experiencia histórica

«24 orduak euskaraz»

XOSE RAMON BELOKI é un dos responsabeis das «24 horas de euskara», unha experiencia histórica na radio vasca e, sin dúbida ningunha, na radio que se está a facer nas linguas nacionais non recoñecidas oficialmente polo Estado. Radio Popular de San Sebastián, Loyola, Bilbao e Pamplona retransmitiron o pasado 27 de marzo vintecatro horas seguidas en lingua vasca. Doce mesas redondas de trinta minutos encol de diferentes temas da cultura de Euzkadi, unha mesa redonda de dúas horas e media encol da educación e a súa problemática, 25 crónicas, entrevistas persoais con xente significada, a retransmisión da xuntanza de *Euskaltzaindia* (a academia da lingua euskara), un gran festival o que asistiron milleiros de persoas, etc., foi o eixo da programación.

T. Do primeiro que hai que saber e das dificultades, Beloki.

X.R.B. Tódalas primeiras experiencias son difíciles e costa máis levalas adiante. Se esas experiencias se tentan en España aínda máis. Amáis das dificultades de organización, que foron unha chea delas, están as da Delegación de Información e Turismo que, eles saberán por qué, sentíronse na obriga de esixir que as 24 horas de emisión foran grabadas denantes e llas presentáramos pra súa censura previa. Houbo discusións, negociacións, longas conversas... E máis dunha vez estivemos a piques de botalo todo ó carallo. Pola contra: as xentes das emisoras deron toda a axuda, e algunha máis.

T. Logo da experiencia hai sempre conclusións. Sempre se adeprende algunha cousa, algunha lección.

X.R.B. Neste caso, a grande vontade do pobo vasco de conserva-lo seu. Vontade que é o máis grande argumento pro futuro. A radio no País Vasco non pode vivir allea a todo esto, a esa vontade da que falo e que se amosa decote. A radio debe atopar, traballando, investigando nas súas posibilidades, o seu propio xeito de face-las cousas, a súa propia imaxe dentro da cultura vasca, que é moi activa.

T. Polos feitos vexo que tedes máis posibilidades cicáis ca noutros sitios. Aínda están moi perto as Xornadas de Barcelona. ¿Qué posibilidades lle ves á radio enteiramente en euskara, dentro das nosas circunstancias históricas?

X.R.B. Non quero falar de posibilidades. A xente, nestes casos, fala de «san realismo». As veces ese «san realismo» (actuar seguindo as posibilidades que esistan) non é máis ca un quedar moi por debaixo desas posibilidades, ou non facer nada. Eu quero falar da necesidade de traballar arreo, sin acougo, pra que as cousas sexan coma nós queremos; traballar por enriba da rentabilidade e dos costes. E falando de costes: ¿cándo se decatará a Administración Central de que os fondos da comunidade deben ir á comunidade, sin esmolos, neste caso á defensa dunhas linguas nacionais como elementos de primeiro orde das distintas nacións que eles din querer administrar con xusticia e igualdade? Nós, quen traballa en entidades privadas, estamos dispostos a facer canto poidamos pro as nosas forzas e posibilidades non son moitas. Compre unha política estatal de axudas económicas e reais, botar man dos fondos comunitarios, que pra algo están.

(Pasa á páxina seguinte)



X. R. BELOKI E LUIS MICHELENA
Por unha radio máis nosa

Conclusións das xornadas de Barcelona

Os días 13, 14 e 15 de outono celebráronse en Barcelona as «*II Xornadas de radio*», ás que asistiron profesionais de toda España máis invitados de fóra e que trataron, dun xeito especial, a problemática das linguas non oficiais do Estado no medio radiofónico. Ve-leiquí as conclusións ás que se chegaron:

- 1 Necesidade de elaborar un censo lingüístico pra coñece-la base real dos falantes en cada unha das linguas nacionais (catalán, vasco e galego).
- 2 Propoñer á Administración o financiamento de emisoras que emitan enteiramente nestas linguas.
- 3 Adicar unha especial atención, dentro desta problemática, ó bable na zona asturiana como realidade lingüística que é.
- 4 Emprego das mesmas linguas conservando en cada caso as características de cada pobo.
- 5 Ampliación nas emisoras da programación nestes idiomas.
- 6 Promove-lo apoio publicitario cara ás emisións.
- 7 A creación, se chega o caso, dunha Escola de Radio prós profesionais do medio en cada comunidade falante.

Presentaron ponencias Radio Popular de San Sebastián, Radio Popular de Vigo e Radio Peninsular de Barcelona.

(Ven da páxina anterior)

T. *No voso labor radiofónico a prol do vasco, ¿contades coas ikastolas?*

X.R.B. Claro que sí. Nas «24 orduak euskaraz» traballaron moito. Pro 24 horas non chegan pra nada. A nosa relación coas ikastolas, cara á normalización lingüística, ten de ser estreita e de tódolos días: eles na escola, nós dende a radio. Nas ikastolas hai hoxendía 40 mil alumnos. Nós estamos comprometidos na mesma laboura. Nos últimos tempos axuntámonos pra traballar nun programa común.

T. *¿Ten historia a radio en euskara?*

X.R.B. Moi probe, curta e mal coñecida, que é o mesmo que non ter nada. Pro imos conquistando cada día novos obxetivos, medra o tanto por cento de emprego do idioma no medio, en Guipúzcoa é un movemento xeral. Outras provincias andan máis atrasadas.

T. *¿Qué tipo de programación se está a facer en vasco?*

X.R.B. Deica agora o euskara foi vehículo de comunicación sómentes pra algúns temas: cando se lle falaba os campesinos (baserrita-

rra), etc. Estes plantexamentos, polo menos no ideolóxico, xa están rebordados, aunque na práctica non sempre é doado ou posible abrir eidos novos. O noso idioma ofrece moitos problemas e o que tentamos é saír do mundo familiar e rachar vellos esquemas, traballar por unha linguaxe deportiva, económica, cultural, literaria, científica... en tódolos eidos. Pra chegar a todo esto a radio é unha ferramenta máis, pro non pode facer nada soia.

T. *¿Hai diferencias grandes entre as emisoras do Estado e as privadas?*

X.R.B. Diferencias totáis. As emisoras do Estado non deixan entra-lo euskara. Un sector das privadas, nembargantes, está bastante radicalizado do lado do idioma, aunque teñamo-los nosos atrancos. O Estado, que debера, como xa dixen, non sómentes apoiar senón costear do peto público unha programación euskara, vive de costas a todo esto, cando non abertamente enemigo.

T. *¿Chegóuse a pensar nunha emisora enteiramente en vasco?*

X.R.B. Pensar podemos pen-



sar, pro hoxendía non é de ningún xeito posibel, aunque se van dando pasiños adiante. O euskara sigue a ser un elemento marxinal no conxunto da programación radiofónica, un elemento que ten os seus tempos illados, as súas horas, os seus programiñas. Pro o importante é ter claros os obxetivos.

T. *¿E pra chegar ós obxetivos eses?*

X.R.B. Querer chegar. ¿Un programa de traballo? Esixir que os fondos da comunidade financien, antre outras cousas, actividades coma esta, que son da propia co-

munidade. O Estado ten a obriga histórica e moral de reedificar o que esmagou. Pro non é cousa de agardar. O pobo vasco (Euskal Herria) está disposto a acadar pra sí unha sociedade artellada de acordo coas súas necesidades e a súa vontade histórica. Compre entender este movemento colectivo, e unha cousa ten que quedar clara: ou se está dentro ou se está fora, xa pasaron os tempos de andar antremedias. Pra nós, estas 24 horas radiofónicas son moito máis ca un feito histórico radiofónico. Son a certeza de que isto é posible, que está aquí.

ESCOLMA/TEIMA

LIBROS

E PUBLICACIONES

- Xosé Luis Méndez Ferrín. *«Antón e os inocentes»*. Edicións Xistral. Pontevedra, 1976. *Novela*. 159 páx.
- Víctor F. Freixanes. *«Unha ducia de galegos»*. Galaxia. Vigo, San Froilán, 1976 (2.^a edición). *Conversas*. 294 páx.
- Ramón de Valenzuela. *«Non agardéi por ninguén»*. Akal Editor. Colec. Arealonguiña. Madrid, 1976. *Novela*. 139 páx.
- Vicente Risco. *«Manuel Murguía»*. Galaxia. Vigo, 1976. *Biografía*. 206 páx.
- Ramón Piñeiro. *«Lembrando a Castelao»*. Edit. Sept. Cadernos Populares. Edición tetralingüe. Pontevedra, 1975. *Ensaio*. 84 páx.
- D. García Sabell. *«Ensaíos II»*. Galaxia. Vigo, 1976. *Ensaio*. 231 páx.

Alfonso R. Castelao. *«Kristalezko Begia» (Traducción ó esukara de «Un ollo de vidro»)*. Kriselu. L. Haramburu editorea. Donostia, 1976. *Narración*. 61 páx.

A. Pexegueiro. *«Seraogña»*. Colección Rompente. Pontevedra, 1976. *Poesía*. 91 páx.

Harmut Heine. *«La evolución política en Galicia (1936-1975)»*. Artigo publicado nos «Cuadernos de Ruedo Ibérico» (Segunda Epoca), n.º 51-53, maio-outono, 1976. París. Da páx. 21 á 49. *Estudio histórico*.

Galeuzca. Revista mensual/Buenos Aires/1945. Escolma posible. Akal Editor. Colección Arealonga. Madrid, 1976. 216 páx.


Xavier Costa Clavell. *«Perfil conflictivo de Galicia»*. Edit. Galba. Barcelona, 1976. *Ensaio*. 246 páx.

DISCOS

Fuxan os ventos. 13 temas. Philips.

Luis Emilio Batallán. *Ahí ven o maio*. Moviplay. Serie Gong. 10 temas.

Amancio Prada. *Caravel de caraveles*. Moviplay. Serie Gong. 14 temas.



SOL...
NEVE...
DEPORTE...

Cabeza de
Manzaneda

¡VIVIR!




A estación
de
montana
da Galiza

**CABEZA DE
MANZANEDA**
¡Pra todos os galegos!

Coagro

FABRICA DE FARIÑA CEBADA



Gapex

**PLANTA SILOS 10.000 Tm.
CAPACIDADE CEREALES
(MILLO-CEBADA)**

CENTRAL PONTEVEDRA:

**Gagos de Mendoza, 8-2º izda.
Tfo. 859562 - 859258**

PLANTA SILOS:

San Antoniño-Barro



- NARRACIÓN
- POESÍA
- TEATRO
- ENSAIO
- ECONOMÍA E SOCIOLOXÍA
- HISTORIA
- ARTE
- HUMOR
- VIAXES
- FILOLOXÍA E LINGUÍSTICA
- MANUÁIS
- MÚSICA
- LITERATURA POPULAR
- LIBROS PRA NENOS
- REVISTA GRIAL...

A CULTURA GALEGA EN LIBROS

EDITORIAL GALAXIA
Reconquista, 1 - VIGO

Se quere recibir TEIMA denantes da súa saída ós quioscos remésenos, axeitadamente cuberto, o boletín adxunto.

TEIMA, Rúa do Hórreo, 94
Santiago de Compostela

NOME
DOMICILIO
POBOACION
PROVINCIA PAIS

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA


(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º DATA
 IMPOSTO EN
 CONTRA RÉEMBOLSO



WYGASSA



CONSTRUE PRA VOSTEDE VIVENDAS DE TRES DORMITORIOS, SALON-COMEDOR,
COCINA, BAÑO, ACABADO DE CALIDADE, PRECIOS SIN COMPETENCIA
GRANDES FACILIDADES DE PAGO
EN OURENSE, Sáenz Díez, 67-1.º

FERROL
La Solana, Narón
Teléfonos 350123-726

PONTEVEDRA
Benito Corbal, 6-1.º C.
Teléfono 851634

VIGO
Avda. Felipe Sánchez, 78
Teléfono 223218

VILAGARCIA
Rivero de Aguilar, 2-4 1.º
Teléfono 500220

LUGO
Noreas, 15, entreplanta
Teléfono 217502

SANTIAGO
Santiago de Guayaquil, 5-1.º
Teléfonos 594400-590485

A TESTA? PERDON, XA REMATAMOS. UN SAUDO DE
 ISO TAMEN E COUSA NOSA, CONVIDAMOSLLE A PROBAR AS IDEAS
 QUE A PUBLICIDADE DAS SUAS PAXINAS SEXA RENDABLE
 COMO "TEIMA". DESEXAMOS QUE A SUA BARIL IDEA TENA UN
 DESENRO QUE RENDA. POR ISO, ASEMELLANDONOS, NISTE UN
 IDEAS, DESENROLALAS, E LOGO INTRE, SAUDAMOS PRO SEUS
 DALLE VOLTAS. DALLE VOLTAS. DALLE VOLTAS. DALLE VOLTAS.



CAPITAN ELOY, 22
 TELEFS. 21 38 36 - 21 38 37
 ORENSE



4 IDEAS COREN PRA AMAS DE CASA INTELIXENTES



PODENSE PREPARAR MOITOS E BOS PLATOS,
CAS HAMBURGUESAS DE AVE COREN.
ABONDA CON TER INTELIXENCIA
E DESEXOS DE BARATEZA.
AS HAMBURGUESAS DE AVE COREN,
TENEN ADEMAIS DE OUTRAS, TRES CUALIDAS:
A SUA CALIDADE,
O BAIXO PRECIO
E QUE SON DE FRESQUINAS
IGOAL CUNHA ALBORADA.

PLANETA
PUBLICIDAD



UTECO · ORENSE